

COGAMI
EMPRESARIAL

MEMORIA DE
**SOSTI
BILI
DADE**
2025



COGAMI

EMPRESARIAL

Memoria de Sostibilidade 2025 elaborada por COGAMI Empresarial.

Publica: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Coordina: Rosa Gutiérrez Mougán (Galega de Economía Social).

Redacta: Belén Vázquez Sampayo (Galega de Economía Social).

Participan: Jacobo Castro, Daniel Fernández, Naiara Goicoechea, Rosana González, Eva Pita, Guadalupe Pombo, Virna Santana, Víctor Silva, Juan Suárez, Ana Traba e Yolanda Viña (Galega de Economía Social), Marcos Lema (Accede Social), Raquel Alvite (Combina Social), Beatriz González (Coregal), Carlos Iglesias (Dixardín), Alejandro Rouco (Grafinco), Manuel Santos (Hornos de Lamastelle), Yaiza Somorrostro (Integratex) e Luis Penido (Trameve).

Deseña e maqueta: Trébore Deseño gráfico.

Imprime: Grafinco.

Cofinancia:



Cofinanciado pola
Unión Europea

Índice

1 SAÚDA DO PRESIDENTE 4

2 CARTA DO DIRECTOR XERAL 5

3 COGAMI, A NOSA ORGANIZACIÓN 7

4 QUE QUEREMOS COMPARTIR 13

- 4.1 Contexto normativo 16
- 4.2 Contexto metodolóxico 17
- 4.3 Factores e tendencias 18
- 4.4 Axenda 2030 e ODS 20

5 COGAMI EMPRESARIAL 25

- 5.1 Principais cifras 29
- 5.2 As nosas empresas 30
 - 5.2.1 Galega de Economía Social 31
 - 5.2.2 Accede Social 32
 - 5.2.3 Combina Social 34
 - 5.2.4 Coregal 36
 - 5.2.5 Dixardin 38
 - 5.2.6 Grafinco 40
 - 5.2.7 Hornos de Lamastelle 42
 - 5.2.8 Integratex 44
 - 5.2.9 Trameve 46
- 5.3 Resumo da actividade empresarial 48
- 5.4 Análise de Materialidade 51

6 AS NOSAS PERSOAS 53

- 6.1 A AICP 55
- 6.2 Emprego e diversidade 57
- 6.3 Creación de postos de traballo e novas oportunidades 58
 - 6.3.1 Unidades de negocio e postos de traballo 59
 - 6.3.2 Convenios colectivos e retribución salarial 59
 - 6.3.3 Medidas de conciliación 60
- 6.4 Impacto nos colectivos máis vulnerables 61
- 6.5 Formación 62
- 6.6 Igualdade de xénero 64
- 6.7 Seguridade e saúde 65

7 O VALOR QUE XERAMOS 67

- 7.1 O noso compromiso ambiental 69
 - 7.1.1 Actuacións transversais 70
 - 7.1.2 Actuacións específicas 72
- 7.2 A nosa acción social 78
 - 7.2.1 Os Grupos de Interese 80
 - 7.2.2 Resumo da actividade social 82
- 7.3 O noso modelo de Gobernanza 84
 - 7.3.1 Órganos de goberno 85
 - 7.3.2 Organigrama 86
 - 7.3.3 Ética e bo goberno 87

8 ANEXOS 89

- 8.1 Aspectos materiais 90
- 8.2 Convenios colectivos 91
- 8.3 Datos adicionais 92
- 8.4 Requisitos Lei 11/2018 EINF 99



1 Saúda do presidente

COGAMI Empresarial publica un ano máis a *Memoria de Sostibilidade*, e aproveito esta oportunidade para saudaros e reafirmarme no compromiso que desde a Organización temos coa sostibilidade, un dos eixos transversais do noso *Plan Estratéxico 2023-2026*, e coa rendición de contas, sendo a transparencia un dos nosos principais Valores.

Como presidente de COGAMI quero facer especial fincapé nunha efeméride que marcou o ano 2025 para nós e que nos permitiu celebrar e compartir iniciativas e espazos cos nosos Grupos de Interese: a celebración do 35 aniversario de COGAMI.

A nosa Organización leva trinta e cinco anos sendo peza fundamental na suma das nosas forzas e na unión dos nosos esforzos para o recoñecemento e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade. Ademais, témonos erixido como unha Organización impulsora do cambio social e interlocutora perante as Administracións Públicas na defensa deses dereitos.

Nestas décadas fomos abrindo novos horizontes de esperanza e posibilidades, afrontando

dificultades e artellando solucións para lograr os numerosos e diversos obxectivos que perseguimos.

Nese marco de celebración, COGAMI Empresarial representa un dos maiores logros que temos acadado: artellar unha rede de Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS) que crean oportunidades de traballo para persoas con discapacidade, compartindo Propósito e Valores coa Organización e facendo que o seu músculo e presenza no tecido socioempresarial teña cada vez máis relevancia.

COGAMI Empresarial é unha rede de oportunidades que traballa a prol da creación de comunidades accesibles e resilientes, coa sostibilidade como folla de ruta e a calidade de servizos e produtos como garante da solvencia das nosas marcas.

Temos ante nós numerosos retos e escenarios de incerteza, pero mantemos intacto o convencemento e a vontade de seguir traballando pola construción de futuros inclusivos nos que as persoas sempre esteamos no centro, e a sostibilidade sexa un dos nosos motores de transformación social.

Anxo Queiruga Vila

Presidente de COGAMI



2 Carta do director xeral

Queridas amidas e amigos:

Un ano máis, e xa suman seis, desde COGAMI Empresarial damos conta, a través da publicación da *Memoria de Sostibilidade*, do devir das persoas e empresas do noso Grupo Empresarial desde unha perspectiva de sostibilidade social, ambiental e económica.

Este exercicio ten unha dobre vertente: a interna, que nos permite traballar día a día aliñados co coidado das persoas, do planeta e dos recursos que deixamos para as xeracións futuras, e a externa, na que facemos un exercicio de responsabilidade e cumprimento normativo informando das iniciativas e accións que desenvolvemos desde COGAMI Empresarial; ámbalas dúas determinan os logros que imos acadando e como fornecemos o noso músculo empresarial.

Desde COGAMI Empresarial creamos novas oportunidades laborais para persoas con discapacidade, reforzando a nosa presenza no territorio galego, cunha estratexia baseada no crecemento sostible e logrando que as nosas marcas teñan cada vez máis presenza e maior recoñecemento.

A Memoria que estás a ler resume o noso ano 2025 segundo os principais indicadores de información non financeira, amosando a realidade que caracteriza as nosas actividades empresariais, suxeitas a cambios estruturais e operativos que, en boa medida, nos permiten continuar na senda da mellora continua.

A Economía Social está nun momento de crecemento, e as empresas de COGAMI Empresarial medramos co foco posto nas persoas, entendendo que somos o principal activo do Grupo Empresarial e o elemento diferenciador que nos permite consolidarnos como referentes.


Innovación, sostibilidade ou dixitalización son algunhas das aliadas coas que imos abrindo camiño e transformando os sectores nos que operamos; a Atención Integral Centrada na Persoa (AICP) é a metodoloxía coa que deixamos unha pegada positiva creando valor social e contornas sociolaborais que atenden ás necesidades reais das persoas.

Albiscamos tempos de transformación e expansión nos que a tenacidade e profesionalidade seguirán sendo parte do noso éxito.

Víctor Silva Suárez

Director xeral de COGAMI Empresarial





COGAMI, a nosa Organización 3

3 COGAMI, a nosa Organización

A **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, con presenza en todo o territorio galego e que traballa a prol da plena inclusión das persoas con discapacidade.

COGAMI é unha **Organización que vén de cumprir, no ano 2025, 35 anos de existencia**

nos cales logramos espallar as nosas oficinas e centros de atención polas catro provincias galegas e nos que fomos partícipes da creación e impulso de entidades referentes na loita e defensa dos dereitos das persoas con discapacidade.

Un tecido asociativo sen o que sería imposible continuar nese labor, e polo que agradecemos formar parte da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL), do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI) e da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) na Comunidade Autónoma; así como da *Confederación Española*

de Personas con Discapacidad Física y Orgánica (COCEMFE) a nivel estatal e da *European Association of Service Providers for Persons with Disabilities (EASPD)* no ámbito europeo.

A COGAMI aválannos os nosos anos de historia, pero sobre todo a nosa capacidade e empeño en artellar colectivos cos que compartir e formas de colaborar, do mesmo xeito que nos avalan os datos que resumen a nosa razón de ser, e que reflicten o traballo que realizamos no día a día, e os resultados que imos obtendo grazas ao esforzo e empurre colectivo.

8

59

Asociacións
de persoas con
discapacidade

4

Federacións
provinciais

18.069

Participantes
en programas
e servizos
de COGAMI

10

Unidades
de Negocio
de Economía
Social

1.299

Persoas traballadoras nun modelo
artellado a través de 4 Federacións
provinciais





Se algo nos caracteriza desde os nosos comezos, é manter intacto o noso Propósito, atender inequivocamente á nosa Visión e traballar arreo polo que recoñecemos como a nosa Misión, sempre desde os Valores que nos definen como Organización e que respectamos á hora de abordar, e desenvolver, calquera iniciativa.



PROPÓSITO

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

VISIÓN

Ser unha entidade centrada na persoa, sostible e recoñecida pola sociedade pola proximidade, polos seus valores e o liderado na busca e aplicación de metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

MISIÓN

Defensa e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, a transformación social, o fortalecemento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en Galicia.

VALORES

Adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á Carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e adopta os valores:

DE XESTIÓN

- Transparencia
- Innovación
- Mellora continua
- Calidade
- Democracia interna
- Profesionalidade
- Enfoque de xénero

DA ENTIDADE

- Solidariedade
- Independencia
- Participación
- Igualdade interseccional
- Defensa dos dereitos das persoas con discapacidade
- Implicación social

O *Plan Estratéxico 2023-2026* de COGAMI é a folla de ruta en base á cal estruturamos o camiño que vimos percorrendo, e que periodicamente reformulamos para recoller cales son os asuntos de maior relevancia para a Organización, ao tempo que determinamos cales son as prioridades de acción para COGAMI Empresarial, destacando:

RETO

1

Garantir a **sostibilidade económica** grazas a un financiamento máis estable, con maior rendibilidade das Unidades de Negocio e apoio dentro de COGAMI Empresarial.

RETO

2

Lograr a **sostibilidade social e ambiental** coa implantación transversal do enfoque de xénero e da perspectiva ambiental.

RETO

3

Acadar unha evolución da **carteira de servizos**, adaptados ás necesidades das persoas con discapacidade, impulsando a metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP) e avanzando no proceso de transición dixital da Organización.

RETO

4

Avanzar na **xestión de persoas**, aumentando a satisfacción e atraendo e retendo talento, potenciando COGAMI como marca empregadora.

A esta guía no noso percorrido que representa o noso Plan Estratéxico, súmanse todas aquelas políticas e medidas que desde a Organización se van deseñando e aprobando para regular a nosa convivencia interna, asegurando que o xeito no que nos relacionamos e traballamos mantén a coherencia co noso Propósito, e atende a criterios que garantan o noso benestar.

Nos últimos anos, desde COGAMI vimos implementando a metodoloxía de **Atención Integral centrada na Persoa** (AICP) na Organización, o cal se traduce no enfoque co

que deseñamos cada iniciativa e na aposta que facemos por velar porque a cultura organizacional, e as políticas que emanan dela, teñan á persoa no centro, desde unha visión na que primen as súas necesidades, preferencias e crenzas, fomentando a súa participación activa na toma de decisións.

Entre as políticas que rexen a actividade interna da Organización e a convivencia e traballo das persoas que integran COGAMI en toda a súa extensión, e COGAMI Empresarial en particular, cómpre destacar as seguintes:

- **Cumprimento Normativo**, entendido como o compendio de normas que rexen a actividade, como o *Código Ético e de Conduta* e o *Manual de xestión de crises*, e que recollen o Propósito, Misión, Visión e Valores da Organización, xunto cos compromisos que adquiren as persoas que forman parte da Organización e da actividade empresarial. No caso de incumprimento destas normativas, as persoas contan con Canles responsables de denuncias, queixas ou reclamacións.

- **Política de Calidade e Innovación**, referida ás actividades e servizos que presta COGAMI en xeral, e COGAMI Empresarial en particular, e que comprenden a inclusión sociolaboral, a accesibilidade universal, o deseño para todas as persoas e o desenvolvemento e xestión de organizacións de persoas con discapacidade. As *International Organization for Standardization* (ISO) son as que certifican o cumprimento da normativa internacional en materia de calidade, medio ambiente, seguridade e saúde e seguridade alimentaria para as empresas de COGAMI Empresarial, segundo corresponda en cada unha das actividades empresariais.
- **Plan Estratéxico 2023-2026**, artellado en base ás necesidades de actuación e crecemento de COGAMI e COGAMI Empresarial, e orientado cara a sostibilidade social, ambiental e económica, a gobernanza participativa e a mellora continua, baixo criterios de xeración de valor compartido.
- **Políticas de Benestar Laboral**, conformadas pola *Política de Seguridade e Saúde*, a *Política de Traballo a distancia* ou a *Política de Flexibilidade horaria*, como mostra dos compromisos da Organización de cara a fomentar e garantir os dereitos das persoas traballadoras en materia de conciliación laboral, familiar e persoal, así como a súa seguridade e saúde.

- **Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo**, deseñado coa finalidade de prever, detectar e eliminar condutas de acoso na contorna laboral, incluíndo acoso sexual ou por razón de sexo, atendendo a principios de confidencialidade, obxectividade e imparcialidade.
- **Plans de Igualdade**, pensados como instrumentos que integran medidas dirixidas a lograr a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes dentro da Organización, contribuíndo á eliminación de calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- **Plans de Formación**, ideados como sistemas de capacitación das persoas traballadoras mediante o deseño e execución de accións formativas e que teñen como obxectivo mellorar as habilidades persoais e de coñecemento de quen integran a Organización, desde o desempeño do seu posto de traballo ata a promoción ou realización persoal e laboral.
- **Política de Sostibilidade Ambiental**, pensada como o conxunto de principios entorno aos que se artella o compromiso medioambiental da Organización e que promoven a eficiencia enerxética, a economía circular e unha gobernanza responsable como piares transversais da súa acción.

- **Valor Social**, concibido como o impacto que COGAMI xera na sociedade mediante o seu labor social e empresarial, no marco da Economía Social, un valor visto desde un punto de vista cualitativo e que transcende os datos cuantitativos que amosan as contas de resultados en xeral, e a Memoria de Actividades e a Memoria de Sostibilidade que publican anualmente COGAMI e COGAMI Empresarial, respectivamente.





Que queremos compartir 4

4 Que queremos compartir

Desde **COGAMI Empresarial**, como Grupo que integra os Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS) asociados a COGAMI, levamos anos abordando a elaboración da Memoria de Sostibilidade co obxectivo de dar a coñecer mellor o labor que desempeñamos desde cada unha das nosas empresas, así como o grao de compromiso que temos coa sostibilidade social, ambiental e económica.

Con esta meta por diante, esta Memoria tórnase a un tempo nunha ferramenta estratéxica, para resumir anualmente a nosa actividade, así como

nun exercicio de transparencia, para informar da xestión a través da rendición de contas da nosa actividade empresarial.

O enfoque da información que presentamos na **Memoria de Sostibilidade 2025**¹ atende a un dobre contexto: o contexto normativo, no que se enmarca a propia elaboración da Memoria e os criterios dos datos que se divulgan, e o contexto metodolóxico, que recolle a forma na que esa información é tratada para a presentación dos datos.

Deste xeito, e por sexto ano consecutivo, abordamos, desde unha perspectiva integral e neste documento, o traballo que desenvolvemos as 10 empresas que conformamos COGAMI Empresarial, e facémolo co convencemento de que mellorar a nosa xestión e de reporte é fundamental para o noso crecemento e reputación organizacional.



¹ A Memoria de Sostibilidade 2025 de COGAMI Empresarial foi revisada e aprobada polo seu Consello de Administración en abril do ano 2026 e auditada en maio do mesmo ano por unha empresa externa, atendendo ao que determina a Lei 11/2018 de Auditoría de Contas en materia de información non financeira e diversidade. Para tratar cuestións referidas a esta Memoria contactar a través do correo electrónico ges@galegadeeconomiasocial.gal

2022



2023




2024



2025



15



4.1 Contexto normativo

Este traballo de revisión e de publicación da información que facemos atende á **Lei 11/2018 sobre Información non Financeira e Diversidade**, e faino segundo criterios da **Directiva Europea 2022/2464 de Información sobre Sostibilidade Corporativa (CSRD)** e as **Normas Europeas de Información sobre Sostibilidade (NEIS)**. Ademais, damos conta dalgunha información atendendo aos Estándares GRI (*Global Reporting Initiative*) como marco de referencia para reportar o noso desempeño en sostibilidade e, ao tempo, expoñemos a nosa actividade segundo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que determina a Axenda 2030 ratificada polas Nacións Unidas.

As sociedades de capital teñen a obriga legal de publicar Estados de Información Non Financeira (EINF) que favorezan a transparencia na súa xestión, ao tempo que detallan o seu desempeño en materia de sostibilidade ambiental, aspectos sociais, dereitos humanos ou loita contra a corrupción. Desde o noso Grupo Empresarial avanzamos ademais na exposición pública desa información atendendo a estándares de recoñecemento global e desde a visión de mellora continua do proceso de reporte, ano tras ano, segundo os seguintes principios.


Inclusión dos Grupos de Interese

Tecer redes diversas e establecer relacións sólidas é fundamental para COGAMI Empresarial, polo que a identificación de quen son os Grupos de Interese para a Organización e o diálogo e escoita activa cos mesmos resultan clave nos procesos de toma de decisións. Pertencemos a un ecosistema no que a inclusión determina os nosos obxectivos e a nosa forma de traballo e colaboración, tamén en toda a actividade empresarial que desenvolvemos.



Materialidade

Determinar cales son os aspectos que teñen impacto sobre a nosa actividade empresarial, desde o triplo eixo da sostibilidade (social, ambiental e económica), e valorar os Impactos, Riscos e Oportunidades (IROs) que teñen para a Organización e os nosos Grupos de Interese. Este principio baséase na metodoloxía de Análise Integral da Dobre Materialidade que permite medir o noso desempeño desde criterios financeiros e de impacto social e ambiental.



Contexto de Sostibilidade

Implementar a Sostibilidade desde unha visión social, ambiental e económica que hibrida coa Atención Integral Centrada na Persoa (AICP) como metodoloxía guía da Organización. Esta asimilación favoreceu o deseño dunha propia *Estratexia de Sostibilidade Ambiental* que marca a acción da actividade de COGAMI Empresarial e da que emanan as políticas e iniciativas que materializan esa tripla visión da sostibilidade, como se detalla neste documento.



Exhaustividade

Abordar a recompilación, análise e tratamento da información recollida nesta Memoria desde a rigorosidade e profesionalidade que caracteriza ao Equipo humano; trátase de aportar unha visión integral da veracidade e consistencia dos datos que reflicten a realidade de cada área de traballo, e unha exposición e comprensión dos resultados presentados conxuntamente desde as empresas que integran COGAMI Empresarial.



4.2 Contexto metodolóxico

A información cuantitativa e cualitativa que se presenta nesta *Memoria de Sostibilidade* é froito da recompilación de indicadores que tratan de medir a diversidade, inclusión e sostibilidade que caracteriza a actividade de cada unha das empresas que integra COGAMI Empresarial.

Estes datos foron obtido de fontes primarias (procedentes de cada unha das empresas ou do conxunto do Grupo Empresarial e a Organización) e fontes secundarias (procedentes de consultas externa que aglutinan documentos, datos ou aportes bibliográficos).

A información foi tratada segundo criterios de estatística descritiva, coa pretensión de caracterizar os resultados de COGAMI Empresarial no ano 2025, sen inferencias estatísticas encamiñadas á predición ou estimación.

Un enfoque diferentes é o que se aplica na información da Materialidade, ao tratarse dunha análise que avalía escenarios de incerteza de maior amplitude temporal e nos que os Impactos, Riscos e Oportunidades son dificilmente medibles e acoutables, e requiren un enfoque de predición suxeito a unha maior variabilidade.

Atendendo a este dobre enfoque, a elaboración desta Memoria adopta unha perspectiva global e integradora que permite reflectir a realidade do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025. Neste senso, parte da información recóllese de maneira puntual na data de peche do exercicio anual (31 de decembro), mentres que outra responde ao tratamento acumulado de datos ao longo de todo o ano. A elección dun ou doutro marco temporal depende da propia natureza expositiva e interpretativa das variables analizadas.

Desde unha ollada de rigor científico, consistencia estatística e aporte de valor, a información exposta nesta Memoria atende ás necesidades determinadas polo contexto normativo ao tempo que trata de amosar con transparencia a información que caracteriza o reporte ao que dá resposta.

Cómpre subliñar que o tratamento de datos que desde COGAMI Empresarial vimos realizando ao longo dos anos nos que se publica a Memoria de Sostibilidade ten experimentado variacións motivadas pola importancia de reportar un dato que permita amosar a realidade empresarial desde un perspectiva máis axustada a cuestións de índole laboral, económica ou de xestión de recursos humanos.

Ao incluír unha comparativa anual entre o ano de reporte da Memoria e o anterior, pódense observar variacións no criterio de tratamento

do dato, que son debidamente explicadas nas táboas de reporte de información cuantitativa incluídas neste documento.

Con todo, a información expónse desde unha visión clara, rigorosa e técnica que permita comprender o impacto e evolución da actividade de COGAMI Empresarial e que reflecta a diversidade e inclusión das persoas traballadoras como maior e mellor activo do Grupo Empresarial.




4.3 Factores e tendencias

A actividade que desenvolvemos desde as empresas que integramos COGAMI Empresarial non é allea ao contexto no que operamos, do mesmo xeito que a nosa organización interna afecta aos nosos resultados e á imaxe que trasladamos á sociedade e aos mercados, o mesmo acontece coa realidade sociopolítica e económica na que as empresas, e as persoas traballadoras, ofertamos os servizos e produtos de cada unha das marcas do Grupo Empresarial.

Deste xeito, é importante non só caracterizarnos como Grupo Empresarial para dar conta da información relevante da nosa actividade, senón valorar que actividade externa interfere e inflúe no desempeño das nosas tarefas e do cumprimento do noso Propósito.

A presente *Memoria de Sostibilidade* recolle o acontecido no ano 2025 de xeito singular e diferenciado, non así a análise de factores e tendencias que responden a unha realidade que transcende ese marco temporal e vén determinando o funcionamento das nosas

empresas nos últimos anos, sendo clave detallar que factores consideramos que condicionan o noso funcionamento interno e a que tendencias debemos prestar atención de cara a enfocar os retos e oportunidades que se nos presentan a medio prazo.



Factores que afectan a COGAMI Empresarial

Factores xeopolíticos e económicos

Os mercados internacionais, e *por ende* os locais, levan anos afectados pola inestabilidade derivada dos conflitos armados e a tensión xeopolítica, observándose unha situación de incremento dos prezos das materias primas, problemas no funcionamento das cadeas de subministro, diminución das marxes comerciais e aumento dos custos laborais.

Factores de sostibilidade e mercado

O marco regulatorio dos criterios ASG (Ambientais, Sociais e de Gobernanza) é cada vez máis rigoroso para as empresas, ademais de estar en constante evolución obrigando a adaptar as súas operacións, os procesos internos e a estratexia comercial que artellan para chegar á clientela e ás persoas consumidoras, persoas cada vez mellor informadas e máis esixentes en canto aos servizos que contratan e aos produtos que adquiren.

Factores laborais e de talento


As empresas teñen cada vez maiores dificultades para captar e reter talento, dada a mobilidade laboral e as limitacións á hora de atopar perfís especializados, sometidas así á esixencia de avanzar en cuestións de cultura organizativa, artellando plans de benestar laboral e procurando que as condicións laborais permitan consolidar persoal e favorecer o seu crecemento en consonancia coa evolución dos mercados e das propias empresas.

Factores ambientais

O entorno natural no que operan as empresas atende a cuestións relativas ao cambio climático, ás fontes e consumos de recursos naturais, á xestión de residuos ou ás emisións de CO₂ afectando directamente ás operacións empresariais, ás relacións coas empresas provedoras e aos factores que condicionan a viabilidade dos modelos de negocio desde unha óptica de sostibilidade ambiental, polo que é obrigado atender ao impacto que crean as actividades económicas e a xestión de persoal.

Factores tecnolóxicos e dixitais

A competitividade das empresas e a súa eficiencia está condicionada pola transformación tecnolóxica, sendo cada vez máis preciso adoptar solucións dixitais que permitan automatizar procesos, mellorar a toma de decisións e controlar os riscos que xera o tratamento da información desde criterios de protección de datos e ciberseguridade.



Tendencias máis destacadas no contexto actual

Xestión de marca e reputación empresarial

É unha tendencia e unha prioridade estratéxica fundamental para COGAMI Empresarial, xa que permite ás empresas evolucionar cara unha contorna laboral que integre os Valores da Organización xunto cos avances tecnolóxicos, de sostibilidade e de mellora continua, favorecendo así o posicionamento da marca e a reputación das empresas.

Sostibilidade como valor diferencial

A imaxe corporativa das empresas pivota, sendo esta *Memoria de Sostibilidade* un dos seus máximos expoñentes, sobre a sostibilidade, entendida como o impacto dos criterios ASG na actividade que desenvolven e converténdose nun elemento clave á hora de diferenciarse nun mercado moi competitivo que esixe servizos e produtos con alto valor engadido.

Especialización profesional e benestar laboral

É un dos eixos estratéxicos de COGAMI Empresarial, como marca empregadora que, ao amparo da metodoloxía AICP, planifica a selección e a formación continua das persoas traballadoras, adaptando os postos as súas necesidades e fomentando a saúde integral, co foco posto sempre na mellora do clima e a procura do benestar laboral.

Equilibrio e coidado da contorna

O crecemento das empresas do Grupo Empresarial faise atendendo a criterios de coidado do planeta e garantindo que o desenvolvemento das empresas respecta o compromiso medioambiental e a posta en marcha de accións e medidas nas empresas que redunden na contribución á redución de emisións, na xestión de residuos e na promoción de consumos responsables.

Transformación dixital e impacto no emprego

A xestión de persoas e a xestión de información requiren da actualización de ferramentas tecnolóxicas que permitan incrementar a eficacia e eficiencia das tarefas que se desempeñan desde cada posto de traballo de COGAMI Empresarial, facendo un uso responsable e ético das mesmas e valorando os impactos que a dixitalización poden ter na creación de emprego de calidade para persoas con discapacidade.

4.4 Axenda 2030 e ODS

O valor que xeramos desde COGAMI Empresarial é un valor que vén determinado pola estratexia corporativa que desenvolvemos no Grupo Empresarial de cara a garantir o noso crecemento económico, aliñado coa sostibilidade, reducindo os riscos xa comentados, e mellorando a nosa reputación de marca ao tempo que accedemos a novos mercados nos que posicionar os servizos e produtos das nosas empresas. Desde esa ollada, a nosa actividade ten na Axenda 2030 un referente nas actuacións que levamos a cabo e que velan polo cumprimento da acción global que persegue, centrado nas persoas, no planeta e na prosperidade.

A Axenda 2030 foi ratificada, por unanimidade, polos 193 Estados membros de Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015, como un plan de acción que se estrutura entorno a 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e 169 Metas que compoñen os diferentes ODS, baixo o compromiso de que os Estados, as empresas e a cidadanía adoptemos as reformas precisas para a consecución de cada un deses Obxectivos.

Baixo esa premisa, desde COGAMI Empresarial traballamos na posta en marcha de políticas, medidas e accións que melloren as condicións

socioeconómicas e medioambientais da contorna na que operamos, sumando o noso gran de area ao traballo común e colaborativo que persegue a Axenda 2030 e procurando que esa actividade que desenvolvemos estea aliñada cos ODS, de cara a contribuír a súa consecución favorecendo o benestar das persoas, o coidado

do planeta e a garantía de prosperidade global desde a acción local.

A continuación detallamos o aliñamento das nosas políticas, medidas e accións cos ODS e as súas Metas aos que contribuímos desde COGAMI Empresarial.





Meta 5.2

Eliminar todas as formas de violencia de xénero.

Meta 5.5

Asegurar a participación plena da muller en igualdade de oportunidades.

- Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo.
- Plans de Igualdade nas empresas.
- Convenios con CIMS para incorporar perfis femininos.
- 54,54 % mulleres en postos de dirección/xerencias.
- Accede Social e Dixardin promocionan á muller en postos “masculinizados” (transporte e xardinería).



Meta 7.2

Aumentar a proporción de enerxía renovable no total de fontes de enerxía.

- COGAMI Empresarial mide a pegada de carbono de todas e cada unha das súas empresas, a fin de medir tamén o aforro nos consumos, a eficiencia enerxética e a redución do impacto ambiental.
- Investimentos na renovación da frota para reducir emisións e aumentar o número de vehículos eléctricos (Coregal conta con 1 eléctrico e 4 GNC).
- Uso de placas fotovoltaicas para aumento do nivel de autoconsumo enerxético.



Meta 8.2

Elevar a produtividade mediante diversificación, tecnoloxía e innovación.

Meta 8.4

Mellora da produción e do consumo eficiente e respectuoso.

Meta 8.5

Lograr o pleno emprego e o traballo decente, incluídas as persoas con discapacidade.

- Coregal colabora con empresas no desenvolvemento de solucións sensotónicas e de innovación na segregación de residuos de orixe.
- Accede Social e Coregal seguen renovando as frots de vehículos.
- Coregal, Dixardin e Trameve contan coa ISO 14001 de Sistemas de Xestión Ambiental.
- COGAMI Empresarial conta con 10 CEEIS, un 85,19 % de persoas con discapacidade e un modelo AICP que vela polo benestar laboral.



Meta 10.2

Promocionar a inclusión social, económica e política.

Meta 10.3

Garantir a igualdade de oportunidades

- COGAMI Empresarial supera o 75 % de persoas traballadoras con discapacidade en todas as súas empresas.
- 4 de cada 10 persoas traballadoras con discapacidade teñen > 50 anos.
- Integratex conta cun 95,54 % de persoal con discapacidade, Trameve cun 90,91 % e Combina Social cun 90,00 %.
- COGAMI Empresarial conta con > 100 medidas específicas para favorecer a igualdade de oportunidades das persoas traballadoras (Política de Persoas do Grupo e Plans de Igualdade nas Empresas).



Meta 11.3

Aumentar a urbanización inclusiva e sostible.

Meta 11.6

Reducir o impacto ambiental nas cidades.

Meta 11.7

Proporcionar acceso a zonas verdes e espazos públicos seguros.

- Dixardín traballa a prol da inclusión e sostibilidade en espazos públicos como nos Hortos Urbanos (Concello de Lugo), na preservación de especies autóctonas (Concello de Santiago de Compostela no Monte Viso) e obradoiros e actividades de sensibilización ambiental (Concello de Carballo ou Concello de Ames, entre outros).
- Coregal fai a recollida e xestión de residuos para Concellos de Galicia así como a xestión de 12 Puntos Limpos municipais.



Meta 12.3

Reducir o desperdicio alimentario.

Meta 12.5

Previr, reducir, reciclar e reutilizar refugallos.

Meta 12.6

Adoptar prácticas sostibles nas empresas.

- Hornos de Lamastelle colabora coa UDC para a valorización de subprodutos e redución de desperdicio alimentario na súa fábrica.
- Coregal xestiona case 35.000 t de residuo, valorizando o 84,12 % das mesmas.
- Trameve xestiona 382 coches anualmente e valoriza case 12.000 pezas dos mesmos para darlles unha segunda vida.
- COGAMI Empresarial acompaña as súas empresas no deseño e execución dos Plans de Sostibilidade, aliñados coa *Estratexia de Sostibilidade Ambiental* de COGAMI.



Meta 13.2

Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans.

Meta 13.3

Mellorar a Educación e sensibilización ambiental.

- COGAMI Empresarial adheriuse á Alianza Galega polo Clima promovida pola Xunta de Galicia contra o cambio climático.
- Coregal desenvolve campañas de sensibilización sobre a separación de residuos para establecementos comerciais e cidadanía.
- Dixardín desenvolve proxectos e obradoiros de protección do medio ambiente e coñecemento e coidado da natureza.
- Trameve acolle visitas institucionais e formativas para dar a coñecer a súa actividade como Centro de Tratamento Ambiental de Vehículos.



Meta 15.2

Xestión sostible dos bosques.

- Grafinco conta coas certificacións internacionais FSC e PEFC de xestión forestal sostible e trazabilidade de produtos derivados da madeira.
- COGAMI Empresarial opta de xeito prioritario por provedores de impresión que contén con certificacións de xestión forestal sostible á hora de contratar servizos de impresión.



Meta 16.1

Reducir todas as formas de violencia.

Meta 16.5

Reducir a corrupción e o suborno.


- COGAMI Empresarial forma ás persoas traballadoras en contra da violencia de xénero, na linguaxe inclusiva e noutras materias transversais de cara a garantir un bo clima laboral e a resolución de conflitos.
- COGAMI Empresarial conta cun Programa de Cumprimento *Compliance* para as responsabilidades penais así como cunha Canle Responsable de denuncias para todas as empresas do Grupo.
- COGAMI Empresarial mide a opinión das persoas traballadoras de xeito anónimo para coñecer as percepcións en relación a estas cuestións, identificando necesidades e áreas de mellora.



Meta 17.7

Fomento de alianzas público-privadas.

- Integratex nace da alianza con Inditex e o Proxecto "For&From" de cara á creación de emprego para persoas con discapacidade.
- COGAMI Empresarial contabilizou 21 convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.
- COGAMI Empresarial forma parte de CEGASAL e AECEMCO.
- COGAMI Empresarial participa activamente en encontros, xornadas e equipos de traballo promovidos desde as Administracións Locais, as Universidades públicas galegas e outras entidades do Terceiro Sector e das Asociacións empresariais e Cámaras de Comercio.



COGAMI Empresarial 5

5 COGAMI Empresarial

Se falar de COGAMI é falar do traballo a prol da plena inclusión das persoas con discapacidade, falar de **COGAMI Empresarial** é facelo da creación de oportunidades laborais para as persoas con discapacidade desde a súa rede de **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social** (CEEIS).

Os CEEIS son empresas sen ánimo de lucro que realizan unha actividade produtiva no sector económico no que operan e que procuran a inserción laboral e remuneración polo emprego a persoas con discapacidade. Para ser un CEEIS as empresas deben cumprir coa porcentaxe mínima dun 70 % de persoas con discapacidade no seu cadro de persoal e contar coa promoción ou participación, en máis dun 50 %, por parte dunha entidade sen ánimo de lucro ou de carácter social.

Atendendo a esta definición, COGAMI Empresarial é un Grupo Empresarial conformado por CEEIS que operan en diferentes sectores de actividade, nos que se supera, con creces, a porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade e que conta coa promoción e participación da Organización COGAMI.

COGAMI Empresarial contabiliza 3 décadas de existencia desde a creación da primeira empresa ata a actualidade, un tempo no que foi quen de ir creando e consolidando emprego para persoas con discapacidade e actividade económica e comercial coas diferentes empresas que integran o Grupo Empresarial: Accede Social SL, Artegalia Economía Social SL, Combina Social SL, Cogami Reciclado de Galicia SL (Coregal), Coregal Parques e Xardíns SL (Dixardin), Grafinco SL, Hornos de Lamastelle SA, Galega de Integratex SL (Integratex), Tratamento Medioambiental de Vehículos SL (Trameve) e Galega de Economía Social SL (GES), empresa matriz do Grupo Empresarial.

Estas 10 Unidades de Negocio prestan servizos e comercializan produtos de diversa natureza, tanto co enfoque posto nas Administracións Públicas, no caso de xestión de residuos, infraestrutura verde ou servizos de *outsourcing*, como na clientela final, en sectores como o da alimentación, automoción ou téxtil.

A continuación detállase a historia de vida de COGAMI Empresarial, unha información que non só permite coñecer as orixes do nacemento e desenvolvemento inicial das distintas empresas, senón que resume cal foi a súa evolución socioeconómica ata a actualidade (Artegalia Economía Social SL, atópase en situación de inactividade, agardando retomala no ano 2026).




É a primeira empresa que se creou, no ano 1995 en Santiago de Compostela, como resultado dun convenio de colaboración co propio Concello de Santiago de Compostela para a prestación dun servizo de recollida de papel e cartón. Desde os seus inicios é unha empresa comprometida e que traballa a prol da sostibilidade ambiental, da economía circular e que se ten consolidado, con 4 ecoplantas en Galicia, no sector da xestión de residuos. Na actualidade Coregal segue a ampliar servizos, como a xestión de puntos limpos municipais, e fai unha firme aposta pola concienciación e sensibilización coa xeración e xestión de residuos entre a poboación.

Forma parte de COGAMI Empresarial desde o ano 1998, aínda que a súa actividade se iniciou sete anos antes con 10 persoas traballadoras e centrada na produción de empanadas. O seu crecemento veu marcado pola especialización en produtos de panadería e bolería, así como pola penetración en canles de distribución alimentaria, sendo hoxe unha empresa moi posicionada, recoñecida polas persoas consumidoras e con venta en numerosos territorios da península Ibérica, desde a súa sede en Oleiros.

Créase na cidade de Lugo no ano 1998 ofertando servizos de deseño e impresión nun momento de alta demanda e consumo de papelería; a súa evolución foi parella coa chegada das novas tecnoloxías e da dixitalización da sociedade, polo que a súa actividade, conservando os servizos tradicionais, vense orientando cara novas liñas de negocio como a marcaxe téxtil ou *packaging* de pequeno formato, o que lle permite na actualidade ofrecer servizos máis innovadores, mantendo intacta a calidade dos produtos e a confianza da clientela.

Bota a andar no ano 1999 froito dun proxecto europeo "Horizon III" liderado por COGAMI Empresarial e que permitiu formar a 15 persoas con discapacidade na desmontaxe e descontaminación de Vehículos Fóra de Uso (VFU). A consolidación deste proxecto nunha empresa non só permitiu que a metade das persoas formadas consolidaran o seu traballo na mesma, senón que se foi desenvolvendo como Centro Autorizado de Tratamento (CAT) ata ser un referente na contorna de Santiago de Compostela na que opera, e con convenios e clientela do resto de territorio galego. Con esa bagaxe e a ampla experiencia no sector do automóbil, Trameve lanzou no ano 2019 unha marca comercial denominada Cualicar, mediante a cal vende vehículos seminovos multimarca.





A matriz do Grupo COGAMI Empresarial créase no ano 2003 logo de identificar a necesidade de dar soporte para que as empresas que van conformando o Grupo Empresarial estean dotadas de estrutura propia e independente. Desde os seus inicios, GES ofrece asesoramento e consultaría ás empresas en diversas áreas, fortalecendo a súa competitividade e mellorando o seu posicionamento nos diferentes mercados nos que desenvolven a súa actividade.

INTEGRATEX

Data os seus inicios no 2007 coa posta en marcha dunha tenda *outlet* de roupa, calzado e complementos de Massimo Dutti en Allariz (Ourense), en colaboración con Inditex a través do seu programa "For&From" que se estendeu ata contar con 2 tendas *outlet* máis: Tempe de calzado e complementos (Allariz) e Pull&Bear de roupa (Ferrol).



Inicia a súa andaina no transporte adaptado vencellado á actividade propia de COGAMI pero no ano 2009 dá o salto, amplía rutas e oferta o servizo externamente, fundamentalmente ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.




Comezou prestando servizos auxiliares a COGAMI, despois a algunha clientela de renome en diferentes sectores ata constituírse, no ano 2009, como unha empresa de *outsourcing* que diversifica tanto os servizos que presta como os sectores de actividade da súa clientela.



Nace no ano 2010 froito da fusión de Íntegro de Xardinería e Iso-Riparia, que atesouraban unha década de experiencia e traballo, resultando clave para a consolidación da actividade da nova empresa e permitíndolle incrementar a súa clientela no Sector Público a través de servizos de mantemento de espazos verdes e de novas iniciativas na dinamización da sostibilidade ambiental.



5.1 Principais cifras



	Persoal directivo	Xerencias empresariais	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario
2025 ³	12	10	48	98	595
2024	12	9	46	56	639

²– Nas Principais Cifras Económicas referidas ao ano 2025 introducimos unha modificación nos conceptos “Gasto en salarios” e “Gasto en Seguridade Social” presentando o “gasto” como ítem de resultado económico do exercicio en detrimento do “pago” como ítem que se expoñía en Memorias anteriores.

³– A categorización das persoas traballadoras de COGAMI Empresarial foi revisada con respecto ao ano anterior, a fin de atender mellor ás definicións dos Convenios colectivos con respecto ás funcións desempeñadas, polo que pode haber variacións no persoal (incremento ou diminución) motivadas por este cambio de criterio de clasificación.

Principais cifras económicas consolidadas de COGAMI Empresarial	2025 ²	2024
Cifra de negocio	31.721.820,84 €	28.253.050,25 €
Resultado antes de impostos	2.420.496,15 €	2.165.612,10 €
Investimentos agregados	800.477,94 €	840.764,02 €
Gasto en salarios	14.791.858,01 €	13.389.856,29 €
Gasto en Seguridade Social	1.168.198,93 €	929.693,27 €
Impostos pagados sobre beneficios	705.573,89 €	470.138,89 €
Pagos a empresas provedoras	21.618.872,02 €	18.468.145,48 €
Subvencións e axudas públicas	5.854.366,23 €	4.418.523,08 €
Patrimonio neto	20.204.655,17 €	18.299.480,80 €

5.2 As nosas empresas⁴



⁴— Artergalia Economía Social SL é unha das Unidades de Negocio de COGAMI Empresarial, da que se recollen datos desagregados nesta Memoria, pero da que non se dan detalles específicos da súa actividade ao longo do ano 2025 xa que se atopa en cese temporal de actividade, tras concluír o traballo de comercialización de máscaras cirúrxicas no período 2020–2023, no contexto da pandemia mundial provocada pola COVID-19.

5.2.1



Galega de Economía Social (GES) matriz do Grupo Empresarial, é a Unidade de Negocio que aglutina a estratexia de COGAMI Empresarial, cunha visión integral das actividades das empresas que conforman o Grupo e con obxectivos transversais para o seu conxunto. Deste xeito, GES centra a súa actividade en labores de coordinación, asesoramento e consultaría para o resto de empresas do Grupo, promovendo o deseño e implantación de políticas e medidas que benefician ao total de persoas traballadoras, ao tempo que fortalece o músculo de COGAMI Empresarial.

Desde GES promóvese, polo tanto, unha cultura organizacional aberta, participativa e colaborativa coas empresas, caracterizada pola escoita activa e a mellora continua, atendendo á diversidade de sectores de actividade das empresas, así como as súas estruturas de traballo e á tipoloxía de sectores nos que operan, destacando o Sector Público de xeito salientable nalgunha delas.

O apoio e traballo de GES estrutúrase en función das seguintes áreas de traballo: económica-financeira, xurídica, laboral, recursos humanos, estratexia de negocio e comunicación.

A actividade de GES no 2025 destacou polo papel activo de COGAMI Empresarial en eventos e foros vinculados ao desenvolvemento de negocio, ao compromiso coa sostibilidade e á participación activa no deseño de políticas públicas de Economía Social, destacando a participación na Feira *Expobusiness Compostela* celebrada no mes de xuño na capital galega, a participación no *III Foro de Sostibilidade e Economía Circular* organizado por APD da man da *directora de Negocio, Rosa Gutiérrez*, en xullo, a colaboración co *Compostela Street 2025* mediante accións de sensibilización co coidado

do medio ambiente e a xestión de residuos, no mes de setembro, ou o papel activo no deseño do *Plan de Acción da Economía Social 2026-2028* do Concello de Santiago de Compostela.

Ademais, o ano 2025 foi un ano de continuidade en proxectos como *"La AICP y Sostenibilidad Ambiental: palancas para el mantenimiento del empleo y fortalecimiento"* financiado pola *Confederación Empresarial Española de la Economía Social* (CEPES) e que remata no 2026, permitindo que COGAMI Empresarial avance nestes eidos, e de consecución dunha axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para a implantación de medidas para o avance nos criterios Ambientais, Sociais e de Gobernanza (ASG) coa cofinanciación da Unión Europea, no marco dos Fondos Europeos de Galicia.



5.2.2



Accede Social é a Unidade de Negocio enfocada no transporte adaptado de persoas usuarias do Servizo Público de Atención Diúrna que opera en diferentes rutas terrestres dentro do territorio galego.

Accede Social ten no Sector Público, concretamente no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, pertencente á Xunta de Galicia, un dos seus principais clientes, ao asumir boa parte da cobertura das rutas licitadas por este Organismo. Esta prestación de servizos continúa a ampliarse e consolidarse no ano 2025 con novas adxudicacións, parello á modernización da frota e a un cambio na **xerencia da empresa** a finais de ano, que recae en **Marcos Lema**, logo de anos de traballo e experiencia na coordinación de transportes da empresa.

Durante o ano 2025 as rutas diarias que cubriu Accede Social ascenden a 35, cun volume aproximado de 700 persoas beneficiarias en mobilidade diaria e cunha densidade media


de 20 persoas usuarias por ruta. Esta carga operativa da empresa contou coa ampliación e modernización da frota de vehículos, no marco do seu programa de renovación, ascendendo a 37 unidades (das cales un 76 % xa cumpre co estándar Euro VI, o máis esixente e limpo en termos de motorización de combustión). A esta estratexia súmase a captación de financiamento público da Xunta de Galicia para proceder ao achatarramento axeitado de 3 vehículos de pasaxeiras e pasaxeiros.

A excelencia operativa, o compromiso coa sostibilidade, a igualdade ou a eficiencia financeira mediante a captación de fondos

europeos, forman parte da estratexia de Accede Social que segue un minucioso plan de redución progresiva da pegada de carbono na prestación dos servizos de transporte, rexistrada debidamente no *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*.

No que se refire ao cadro de persoal, cómpre destacar que Accede Social non só traballa a prol da inclusión de persoas con discapacidade, senón que ademais traballa na incorporación de mulleres a postos de traballo que tradicionalmente estaban masculinizados, do que dá boa conta o número de condutoras de vehículos que se rexistran nesta empresa.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	2.045.366,23 €	202.419,92 €	238.575,17 €
2024	1.785.731,29 €	66.969,63 €	301.278,72 €



 **Santiago de Compostela**
(A Coruña), **Mos** (Pontevedra) e **Lugo** (Lugo)
3 centros de traballo

-  **Outras cifras**
- 85.590** desprazamentos anuais nas diferentes rutas
 - 365** persoas beneficiarias do transporte adaptado
 - 37** vehículos no seu parque móbil



5.2.3



Combina Social é a Unidade de Negocio dedicada á prestación de servizos auxiliares, *outsourcing*, a outras empresas, asumindo a xestión de persoal para a prestación de servizos de limpeza e mantemento, recepción e conserxería, control de accesos, procesos industriais e loxística ou control de procesos administrativos e calidade, entre outros.




O ano 2025 trouxo importantes logros para Combina Social, entre os que destacan o inicio da prestación de servizos de licitacións de contratación pública que gañou a empresa a finais do ano 2024 e nos que incorporou persoal en diferentes centros de traballo no territorio galego. Ademais, Combina Social procedeu á renovación da certificación ISO 9001, Xestión da Calidade, un selo que acredita a eficacia e eficiencia na xestión de procesos que realiza de cara a manter a calidade de todos e cada un dos servizos externalizados que asume.

Neste ano a empresa tamén puxo en marcha un ambicioso Plan Comercial que determina a estratexia de captación de clientela no eido privado e que, baixo a **xerencia de Raquel Alvite**, contempla as accións máis acaidas de cara a mellorar o seu posicionamento de marca ao tempo que dá a coñecer as súas liñas de negocio e establece sinerxías con outras empresas e entidades. Boa mostra é un primeiro achegamento ás asesorías da súa contorna, unha tipoloxía de empresas que traballa ás veces como prescritores para outras empresas dada a rede de clientela coa que colaboran e a detección de necesidades en diversos eidos que son quen de facer daquelas contas empresariais que xestionan.

A formación en Intelixencia Artificial, de cara a optimizar procesos internos, foi outro dos investimentos realizados desde Combina Social no ano 2025, apostando polas novas tecnoloxías para mellorar a súa eficiencia e pola formación das persoas traballadoras nesta materia co fin de potenciar habilidades dixitais.

Por último destaca a participación activa en foros da Economía Social, como os organizados por CEGASAL, que permiten afondar no concepto de medidas alternativas e na Lei Xeral de Discapacidade, dando cumprimento ao marco normativo que regula a inclusión laboral de persoas con discapacidade ou a medidas excepcionais mediante servizos como os que oferta Combina Social.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	2.941.861,46 €	480.336,98 €	23.229,44€
2024	2.609.887,30 €	464.412,87 €	2.396,76 €



5.2.4



Coregal é a Unidade de Negocio especializada na xestión de residuos, economía circular e protección do medio ambiente, que traballa desde o ámbito local para reducir, reciclar e valorizar residuo, afondando tamén na sensibilización da poboación en materia de boas prácticas de sostibilidade ambiental.

No ano 2025, baixo a nova **xerencia de Beatriz González**, Coregal continuou co traballo que vén desenvolvendo de innovación de procesos e mellora continua, mostra do cal son cambios internos na coordinación, actualizacións no Convenio Colectivo do sector ou renovación de maquinaria e sistemas de calidade da xestión de residuos. Destacan tamén os proxectos liderados por Coregal xunto con diversos concellos galegos en materia de biorresiduos, así como a renovación ou adxudicación de contratos públicos para a recollida e xestión de voluminosos, continuando e ampliando ademais o traballo de recollida doutros tipos de residuos, como os envases lixeiros e o papel e o cartón, que se suma ao traballo que desde a empresa





xa se vén realizando en Puntos Limpos de titularidade municipal.

No que a xestión de residuos se refire, Coregal deu un salto cualitativo no ano 2025 mediante a aposta polo deseño e execución de campañas de sensibilización ambiental, como a realizada en colaboración co Concello de Santiago de Compostela e centrada na recollida e tratamento do residuo de papel e cartón entre o comercio local da cidade. Ao tempo, continuou con alianzas estratéxicas mediante as cales patrocina xornadas de reciclaxe no sector téxtil, xunto coa

Universidade de A Coruña (UDC) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ou artella solucións de colectores para a súa montaxe e distribución.

Por último cómpre destacar que Coregal continúa a apostar polo establecemento de alianzas con outras empresas en favor do desenvolvemento conxunto de solucións de reciclaxe que favorezan o deseño e distribución de colectores, incrementando a súa eficiencia e a implicación da cidadanía na tarefa de separación de residuos.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	10.948.899,13 €	296.513,78 €	162.953,93 €
2024	8.935.260,00 €	532.125,00 €	1.005.760,39 €



5.2.5



Dixardín é a Unidade de Negocio que traballa no deseño e mantemento de espazos verdes, servizos integrais de xardinería e paisaxismo e outras necesidades e solucións de coidado da contorna e integración da sostibilidade e da accesibilidade no coidado da natureza.

Tendo a sostibilidade ambiental como un dos seus eixos de actividade, o 2025 foi un ano de especial relevancia para Dixardín, no que destacan feitos como iniciativas de plantación con centros escolares de infantil, como a desenvolta en colaboración co Concello de Carballo ou o proxecto executado xunto coa *Fundación Biodiversidad* e o Concello de Santiago de Compostela no Monte Viso para a instalación de hoteis de insectos, caixas de niños de aves e paseriformes así como información e sensibilización co coidado da contorna nese espazo.

Baixo a **xerencia de Carlos Iglesias**, Dixardín continúa a obter galardóns de renome pola

xestión de espazos verdes no concello de Carballo, como é o Premio Nacional de PARJAP na categoría de municipios de menos de 50.000 habitantes ou a revalidación de “4 Flores de Honra” no Certame Vilas en Flor, o cal supón un orgullo para a empresa dada a súa aportación no deseño e construción de espazos, saudables e que apostan pola vexetación autóctona.

Así mesmo, no ano 2025, Dixardín participou novamente na Feira *BioCultura* que ten lugar na Coruña e colaborou no *Compostela Street 2025* celebrado en Santiago de Compostela, no que aportou ornamentación vexetal para as pistas

nas que se celebraban as probas de diferentes disciplinas de deportes urbanos.

A estes feitos destacados súmanse outras cuestións operativas que permitiron que Dixardín siga apostando pola mellora continua, tanto coa renovación de maquinaria de batería, que permite reducir os ruídos e o impacto que a súa actividade crea na poboación de zonas urbanas, como con formación específica ao seu cadro de persoal en aras de incrementar o valor das actividades que desempeñan. Destaca tamén a colaboración con centros de formación profesional favorecendo prácticas laborais para adquirir competencias e habilidades en xardinería.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	2.233.339,37 €	428.241,70 €	61.617,11 €
2024	2.189.260,78 €	446.425,40 €	44.291,82 €



10

Mulleres

57

Homes

67

Total persoas traballadoras



76,12 %

Persoas traballadoras con **discapacidade**



Ames, Arzúa, Carballo e Outes (A Coruña)

4 centros de traballo



ISO 9001 Sistema de Xestión de Calidade

ISO 14001 Sistema de Xestión Ambiental

Certificacións



Outras cifras

case **700.000 m²** de superficie traballada



5.2.6



Grafinfo é a Unidade de Negocio do sector das artes gráficas que presta servizos propios de impresión en *offset* e dixital e material de papelería e oficina, e que innova con outras liñas de negocio como a marcaxe téxtil, o *packaging*, o *merchandising* e a embalaxe personalizada.

Como imprenta, Grafinfo pertence a un sector que leva anos experimentando unha profunda transformación cara solucións dixitais, máis tecnolóxicas e que requiren un maior grao de especialización e unha aposta pola calidade e os acabados. Nese escenario de cambio, Grafinfo continuou ao longo do ano 2025 introducindo melloras no estudo e análise da colorimetría, así como na formación do persoal de taller a este respecto, e na certificación de cara á renovación dos certificados FSC e PEFC.



Ademais, desde o plano estratéxico, Grafinfo abordou o deseño dun Plan Comercial, tanto en Galicia, como en Asturias e León, mediante o cal artellou accións concretas para penetrar en novos sectores de actividade como provedor,

ao tempo que incrementar o coñecemento e posicionamento de marca como empresa referente na impresión. A visita a feiras sectoriais así como o labor comercial foron dous dos puntais sobre os que pivotou o traballo de Grafinfo, destacando a presenza na Feira *C!Print Madrid* na que se dan cita as empresas da industria gráfica e a comunicación visual, e da que deu boa conta **Alejandro Rouco, xerente** de Grafinfo, ou a Feira Etiqueta Negra de Pontevedra, na que Grafinfo ten clientela


da súa liña de *packaging* de pequeno formato relacionada coa industria alimentaria.

Outro avance destacado de Grafinfo ao longo do ano 2025 foi o establecemento de sinerxías que vén creando con empresas do sector das artes gráficas e que lle permiten posicionarse como provedor de servizos para outras empresas do sector, ao tempo que continúa coa captación de clientela tanto no Sector Público como no eido privado.


	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	970.054,71 €	- 67.731,38 €	37.039,50 €
2024	1.089.893,7 €	- 66.570,37 €	5.737,32 €



**FSC (Forest Stewardship Council)
e PEFC (Program for Endorsement
of Forest Certification)**



Certificacións



5.2.7



Hornos de Lamastelle é a Unidade de Negocio do sector alimentario que centra a súa actividade na fabricación, comercialización e distribución de produtos de panadería e repostería, destacando a empanada como un dos seus produtos estrela con mellor e maior acollida entre as persoas consumidoras. Hornos de Lamastelle conta con denominación de Indicación Xeográfica Protexida (IXP) para a súa Tarta de Santiago así como con diversos tamaños na súa oferta de produtos, favorecendo a penetración dos mesmos na canle HORECA (Hoteis, Restaurantes e Cafeterías).

O ano 2025 foi un ano de crecemento, tendencia que se vén observando na empresa nos últimos anos, no que se rexistrou a renovación da certificación ISO 22000 relativa a Sistemas de Xestión de Seguridade Alimentaria (SXSA), ao tempo que botaba a andar un Proxecto para avaliar a situación empresarial de cara a obter a certificación B Corp, un selo de carácter internacional que certifica o triplo impacto (social, ambiental e económico) e o


cumprimento de estándares de transparencia e responsabilidade legal.

No que a participación en feiras e espazos expositivos se refire cómpre destacar a presenza de Hornos de Lamastelle na *HIP-Horeca Professional Expo* celebrada en Madrid e no *Galicia Fórum Gastronómico* que tivo lugar en A Coruña, e que lle permitiron á empresa establecer sinerxías e achegar os seus produtos á canle HORECA e ás persoas consumidoras.

Hornos de Lamastelle rexistrou no ano 2025 un importante incremento no número de referencias

de produtos considerados máis clásicos dentro do seu Catálogo, ampliando tamén a súa oferta en novos produtos, cun cálculo exhaustivo da capacidade produtiva en relación á demanda prevista que non comprometa a produción. E tan destacado como é este incremento é o que se observa na porcentaxe de vendas, que supera nun 20 % as do ano anterior, froito da planificación estratéxica e do esforzo comercial por chegar a novos nichos de mercado que tan bos resultados arroxa nas contas da empresa nos últimos anos, e cuxa estela se prevé continuar no futuro próximo, con **Manuel Santos** na **xerencia**.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	10.594.695,63 €	1.201.896,52 €	206.619,69 €
2024	8.821.837,64 €	1.228.130,16 €	182.258,96 €



5.2.8

INTEGRATEX

Integratex é a Unidade de Negocio que xestiona as tendas *outlet de retail* téxtil do Proxecto “For&From” de Inditex, nomeadamente Pull&Bear en Ferrol (A Coruña) e Massimo Dutti e Tempe en Allariz (Ourense), mediante a venda de produtos de roupa, calzado e complementos desta empresa multinacional.

O ano 2025 deixou para Integratex importantes melloras como son as actualizacións da tecnoloxía RFID nas tendas de Massimo Dutti e Pull&Bear, como sistema de xestión, mellorando ademais da operativa a maquinaria de pagamentos, e reacondicionando un dos espazos de uso interno do persoal da tenda de Pull&Bear.

A isto súmase o importante traballo que se desenvolveu en formación do persoal, unha aposta firme e decidida por mellorar as competencias das persoas traballadoras, tanto en cuestións específicas e de organización interna (metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa -AICP- implementada en COGAMI Empresarial ou Portal do Empregado), como en cuestións transversais


(acoso laboral, xénero, linguaxe inclusiva ou prevención de riscos laborais).

Na actividade do ano 2025 tamén destacan algunhas visitas como é o caso da de persoal responsable de Tempe á tenda que xestiona Integratex da súa marca, no marco do Proxecto “For&From” ou a da *Fundació El Molí d’en Puigvert* á tenda de Massimo Dutti, unha entidade privada de iniciativa social, sen ánimo de lucro, orientada á inserción laboral e social de persoas con trastornos de saúde mental; e algúns acordos asinados cos centros CIFP Rodolfo Ucha (Ferrol) e CIFP Portobello (Ourense) no marco do Programa de Avaliación, Recoñecemento e Acreditación (ARA) das competencias

profesionais adquiridas. Así mesmo, destacou a participación de **Yaiza Somorrostro, xerente de Integratex**, nunha reunión da Rede de Emprego “Emprega-Nós” para abordar a xeración de Valor Social de CEEIS como Integratex e a importancia da inclusión laboral de persoas con dificultades de inserción social.

Por último, cómpre destacar que no ano 2025 Integratex foi unha das empresas beneficiarias da axuda Bono Consolida Economía Social da Xunta de Galicia, grazas a cal creou e desenvolveu a súa paxina *web*, cun apartado que permite estar ao día das novidades da empresa así como ter máis información sobre a actividade das tendas e do persoal que traballa nelas.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025	1.359.250,63 €	34.559,59 €	1.961,68 €
2024	1.378.475,93 €	112.275,21 €	0 €



5.2.9



Trameve é a Unidade de Negocio clasificada como Centro Autorizado de Tratamento (CAT) de Vehículos Fóra de Uso (VFU) pola *Dirección General de Tráfico* o que a habilita para tratar vehículos que tiveron un sinistro ou chegaron ao fin da súa vida útil e dos que se recuperan e reutilizan pezas mediante procesos ecolóxicos seguros. Deste xeito, Trameve é unha empresa cuxa actividade se enmarca na Economía Circular, grazas á valorización de pezas aproveitables, descontaminando e facendo un tratamento axeitado para os diferentes compoñentes e residuos que integran un vehículo.

Á actividade empresarial de Trameve súmase unha liña de negocio baixo a marca comercial Cualicar, destinada á venda de vehículos seminovos multimarca que opera desde o ano 2019 e pola que se prestan servizos de asesoramento e venda a clientela de todo o territorio español, chegando aos 15 vehículos vendidos no ano 2025, 3 de cada 10 para clientela doutros territorios fóra de Galicia.

O ano 2025 deixa moi bos resultados para Trameve, coa **xerencia de Luis Penido**, tanto no que se refire a vehículos tratados desde o punto de vista medioambiental como pezas vendidas para unha segunda vida, así como pola formación do personal no tratamento de vehículos híbridos e eléctricos que por accidentes ou fin da vida útil xa están chegando aos CAT.

Ademais, ao longo do 2025 na actividade empresarial destacaron as visitas de sindicatos ou entidades que amosan interese en coñecer a singularidade desta empresa, así como

convenios de colaboración como o promovido coa Fundación Laboral da Construción desde a marca comercial Cualicar. Tamén foi un ano no que a empresa investiu recursos na formación continua e mellora das competencias do seu cadro de persoal, destacando as referidas á análise de datos, equipamento de taller, primeiros auxilios ou uso da maquinaria Autodrain de descontaminación de vehículos. Parte desta formación, así como a adquisición de maquinaria e implantación de melloras, foi posible para Trameve ao resultar beneficiaria do Programa de axudas Bono Consolida Economía Social da Xunta de Galicia.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2025⁵	786.693,22 €	63.414,77 €	26.702,17 €
2024	523.280,10 €	89.263,50 €	68.145,82 €

⁵ Desde o ano 2025 as cifras económicas e datos de Trameve SL incluírán a información referida á liña de negocio de venda de vehículos seminovos, baixo a marca "Cualicar", que en Memorias anteriores se publicaron de xeito diferenciado.



1

Mulleres

10

Homes

11

Total persoas traballadoras



90,91 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Santiago de Compostela (A Coruña)

1 centro de traballo



ISO 9001 Sistema de Xestión de Calidade

ISO 14001 Sistema de Xestión Ambiental


Certificacións



Outras cifras

11.931 pezas vendidas

(20,54 % máis que en 2024)



5.3 Resumo da actividade empresarial

48

XANEIRO

- **Grafinfo** estivo presente en *C!Print* en Madrid, un encontro anual de empresas do sector das artes gráficas no que descubrir tendencias e innovacións tecnolóxicas para novas liñas de negocio.



MARZO

- **Dixardín** participou en *BioCultura 2025*, unha feira ecolóxica celebrada en A Coruña e na que a empresa visibilizou iniciativas e éxitos na xestión dos Hortos Urbanos de Lugo.



- **Hornos de Lamastelle** contou cun stand na *HIP- Horeca Professional Expo* celebrada en Madrid na que deu a coñecer os seus produtos máis innovadores e de calidade para a hostalaría e a restauración.



ABRIL

- **Trameve** recibiu a visita da secretaria de Estado de Economía Social para coñecer o labor empresarial que desempeña a empresa, tanto en emprego inclusivo como en desenvolvemento sostible.



- **Hornos de Lamastelle** participou no *Galicia Fórum Gastronómico* celebrado en A Coruña amosando receitas e sabores dos seus produtos con mellor acollida no mercado da alimentación.



MAIO

- **Dixardín** recolleu, xunto co Concello de Carballo, o Premio Nacional de Parques e Xardíns outorgado por PARJAP e que recoñece a calidade e mantemento de espazos verdes que fai a empresa neste territorio.



- **Trameve** foi un dos casos de éxito, como empresa da Economía Social, exposto no I Foro Internacional ASETT que tivo lugar en Donostia (Gipuzkoa).



XUÑO

- **COGAMI Empresarial** contou cun *stand* na *ExpoBusiness Compostela*, unha feira celebrada na capital galega e que serviu de encontro e establecemento de sinerxías para empresas e entidades da cidade.



XULLO

- **COGAMI Empresarial** participou no III Foro de Sostibilidade e Economía Circular, un evento organizado por APD (Asociación para o Progreso da Dirección) en colaboración coa Xunta de Galicia no que se abordou o compromiso das empresas coa sostibilidade e a innovación.



SETEMBRO

- **Coregal** e **Dixardín** colaboraron co *Compostela Street 2025*, un evento de cultura urbana, ao que aportaron perspectiva de sostibilidade ambiental, mediante colocación de colectores de separación de residuos e ornamentación vexetal, coidando a mensaxe e os materiais promocionais grazas ao traballo de impresión de **Grafinfo**.



OUTUBRO

- **Combina Social** participou en diferentes xornadas organizadas por CEGASAL para dar a coñecer a empresas e entidades a Lei Xeral de Discapacidade e o cumprimento de medidas alternativas.



- **Integratex** lanzou a súa web con contidos e información sobre a súa actividade, como ferramenta para dar a coñecer as súas tendas e o persoal que traballa nelas.



NOVEMBRO

- **Coregal** desenvolveu en colaboración co Concello de Santiago de Compostela unha Campaña de Sensibilización coa recollida selectiva de cartón entre os comercios de Santiago de Compostela, incrementando o número de establecementos adheridos ao Servizo e contribuíndo a concienciar sobre o tratamento deste residuo.



5.4 Análise de Materialidade

Abordar a redacción dunha memoria de sostibilidade empresarial é abordar necesariamente un proceso que procura **identificar, comprender e priorizar os temas que teñen un impacto máis significativo no desempeño social, ambiental e económico** da empresa, e polo tanto da súa sostibilidade, de cara a deseñar unha estratexia nesta materia que permita orientar a toma de decisións e o deseño e implementación de medidas e accións que contribúan á consecución desa sostibilidade.

É por iso, que desde COGAMI Empresarial, con carácter bianual, afrontamos a **Análise de Materialidade do noso Grupo Empresarial** a fin de valorar os aspectos Ambientais, Sociais e de Gobernanza (ASG) que nos afectan, e que tamén poden afectar aos nosos Grupos de Interese, nun exercicio de responsabilidade e compromiso coa sostibilidade.

Deste xeito a nosa anterior *Memoria de Sostibilidade* (publicada no ano 2025 con reporte do ano 2024) recolle o proceso de análise que realizamos, tanto desde o punto de vista da metodoloxía empregada como dos resultados acadados, e que seguen a marcar o noso devir á hora de traballar en favor da sostibilidade e de

redactar esta Memoria anual que dá conta dos avances e esforzos que realizamos.

O noso marco legal de actuación baseouse na Directiva (EU) 2022/2464 do 14 de decembro de 2022 sobre Información Corporativa en Materia de Sostibilidade, denominada en inglés como *Corporate Sustainability Reporting Directive* (CSRD), que regula a presentación da Información Non Financeira que debemos facer as empresas, e que establece o prazo temporal de adaptación a este marco regulatorio segundo criterios de número de persoas traballadoras, volume de facturación ou activos das empresas.

Neste senso cómpre destacar que desde COGAMI Empresarial mantemos, á marxe do marco normativo europeo no que os parámetros non nos obrigan na actualidade, o compromiso de presentar a Memoria de Sostibilidade atendendo ás Normas Europeas de Información de Sostibilidade (NEIS).

A última Análise de Materialidade que realizamos permitiunos afondar nos aspectos materiais que afectan ao noso Grupo Empresarial desde o ámbito de impacto e financeiro, dobre materialidade, identificando os Impactos, Riscos e Oportunidades (IROs) da nosa actividade e das relacións cos nosos Grupos de Interese.

Deste xeito, a metodoloxía empregada comprendeu diferentes ferramentas de investigación cuantitativa e cualitativa que

facilitaron coñecer as percepcións en canto aos aspectos materiais que afectan a COGAMI Empresarial, tanto do persoal interno que traballa no Grupo Empresarial, como dos Grupos de Interese cos que nos relacionamos no exercicio da nosa actividade.

Os resultados da análise de dobre materialidade son os que se amosan a continuación, expoñendo só os temas que se consideran materiais, é dicir que afectan a COGAMI Empresarial e que rexen e condicionan a toma de decisións do Grupo Empresarial. Tendo en conta eses resultados é preciso tratar de prever os Impactos que nos afectan e o sentido no que o fan, ao tempo que minimizar os Riscos e aproveitar as Oportunidades para que o noso crecemento atenda aos criterios ASG garantindo a nosa sostibilidade e a da contorna na que operamos.

Análise de Dobre Materialidade

			Materialidade de Impacto		Materialidade Financeira	
			Impacto negativo	Impacto positivo	Riscos	Oportunidades
Aspectos Ambientais	Sostibilidade ambiental e cambio climático	Cambio climático				
		Xestión de residuos e desperdicio alimentario				
		Reciclaxe, reutilización de materiais, compostaxe e economía circular				
Aspectos Sociais	Persoal propio	Benestar laboral				
		Saúde e seguridade no traballo				
	Cadea de valor	Promoción de empresas provedoras locais e criterios sociais				
	Colectivos afectados	Valor social xerado na comunidade				
	Persoas consumidoras e usuarias finais	Produtos e servizos				
Aspectos de Gobernanza	Conduta empresarial e Gobernanza	Código ético e cumprimento normativo				
		Comunicación e transparencia				
		Fortalecemento da cultura organizativa e mellora continua				

Crítico
 Relevante
 Moderado



As nosas persoas 6

6 As nosas persoas

Para COGAMI Empresarial **as persoas son o principal activo do Grupo Empresarial**, compartindo con COGAMI o Propósito da **plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, e traballando de xeito diferenciado pola creación de emprego de calidade e a inclusión laboral para persoas con discapacidade.**


De cara a consecución deste Propósito COGAMI Empresarial aposta por atender a diferentes eidos de actuación en relación coas persoas traballadoras, que abranguen a selección e formación de persoal, a atención á diversidade e á vulnerabilidade, as medidas de conciliación, as políticas retributivas ou as condicións de seguridade e saúde, todo iso desde o enfoque do modelo de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP). Así, este Capítulo da Memoria é unha fotografía desda realidade no ano 2025 e dá conta de cales son os avances e as melloras que desde o Grupo Empresarial se veñen realizando de cara a garantir a calidade e o benestar laboral das nosas persoas traballadoras.

Para atender a esa realidade diversa é preciso expoñer a distribución xeográfica en centros de traballo que caracteriza ás diferentes empresas de

COGAMI Empresarial, espalladas por diferentes puntos do territorio galego, entendendo que a dispersión xeográfica que nos caracteriza favorece a contratación de persoas con discapacidade en contornas rurais, nas que se precisa promover o asentamento poboacional e ofrecer oportunidades laborais que garantan o crecemento económico e social do territorio.

Cómpre subliñar tamén que a actividade empresarial de Combina Social, de xeito máis destacado, e doutras empresas de servizos como Coregal ou Dixardin, fai que haxa persoal “deslocalizado” prestando servizos en espazos públicos ou centros de traballo de cliente, cunha realidade diferente a reflectida no seguinte mapa.

Presenza empresarial en Galicia
(% de persoas traballadoras por provincia)



6.1 A AICP

A Atención Integral Centrada na Persoa (AICP) é, como xa se ten apuntado ao longo desta Memoria, un modelo de acompañamento, apoio e coidado das persoas desde a protección dos seus dereitos, a promoción da súa autonomía e a participación activa na toma de decisións que afectan aos seus intereses e preferencias.

COGAMI, Organización na que se integra COGAMI Empresarial, ten un **férreo compromiso por artellar unha planificación estratéxica que favoreza que a AICP se implante en toda a estrutura de xestión**, promovendo medidas e accións innovadoras que favorezan mellorar a calidade de vida e benestar das persoas con discapacidade, atendendo ao Propósito, Misión, Visión e Valores que caracterizan e comparten tanto a Organización como o Grupo Empresarial.

O Reto 3 do *Plan Estratéxico 2023-2026* de COGAMI recolle expresamente o obxectivo estratéxico de adaptar a carteira de servizos da Organización ás necesidades reais das persoas con discapacidade, que se traduce en liñas de acción concretas, entre as que destaca a Planificación da Xestión do cambio para implantar o Modelo de Atención Integral

Centrada na Persoa durante os catro anos de vixencia do Plan.

De cara a esa implantación do modelo AICP, desde COGAMI Empresarial, da man de COGAMI, vimos traballando no deseño da folla de ruta que determina os criterios de implantación, baixo o acompañamento dun Equipo externo especialista en AICP, ao tempo que se teñen artellado grupos de traballo internos (Grupo Motor e Grupos Guía) e xornadas formativas nas que afondar na implantación desde a participación constructivista, interactiva e contextualizada na realidade de COGAMI Empresarial.

Mostra diso é a creación deses grupos de traballo sobre os que pivota a responsabilidade de deseñar, implementar e avaliar programas formativos en AICP para as persoas que integran o Grupo Empresarial, así como identificar, aplicar e avaliar as melloras que se poidan introducir en todas e cada unha das partes que conforman a estrutura organizativa do mesmo.

Ademais, en COGAMI Empresarial contamos cun Proxecto en execución "La Atención Integral Centrada en la Persona y la Sostenibilidad Ambiental: Palancas para el mantenimiento del empleo y fortalecimiento de negocio en COGAMI Empresarial" coa financiación da *Confederación Empresarial Española de la Economía Social* (CEPES) co que procuramos mellorar e consolidar as capacidades das nosas persoas traballadoras ao mesmo tempo que incrementar

e fortalecer a competitividade das empresas do Grupo Empresarial.

Deste xeito, mediante a implantación da metodoloxía AICP na xestión de todas as empresas de COGAMI Empresarial, ademais doutros obxectivos que afectan ao eido da sostibilidade ambiental, procúrase en relación ás persoas:

- Fomentar a permanencia no mercado de traballo de persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral.
- Mellorar a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade nos propios centros de traballo.
- Promover a adquisición de competencias e habilidades transversais para o emprego.

Neste marco de traballo, e atendendo á decisión estratéxica de apostar polo modelo AICP para conformar o enfoque de atención e traballo ás persoas con discapacidade, desde COGAMI Empresarial vimos avanzando no estudo, análise e identificación da mellora de procesos nas nosas empresas, así como na aplicación efectiva desa mellora de procesos en cada un dos nosos CEEIS.

Froito deste traballo, da formación e implicación tanto de persoas responsables da implantación do modelo AICP como da recepción das melloras que este enfoque metodolóxico supón para as

persoas traballadoras, son algúns dos principais avances que se veñen rexistrando en COGAMI Empresarial nos últimos anos.

Un deses avances é a **figura da Persoa Áncora en COGAMI Empresarial, Cristina Taboada**, traballadora social con case dúas décadas de traballo na Organización, e referente no Grupo Empresarial que desempeña o labor directo de acompañamento ás persoas traballadoras, desde o coñecemento das súas preferencias e necesidades, á identificación de melloras con respecto ao seu posto de traballo ou formación no marco da empresa na que desempeña as tarefas e funcións do seu posto e o deseño


de medidas que incrementen o seu benestar laboral.

O resumo do ano 2025 destas actuacións da Persoa Áncora de COGAMI Empresarial amosa importantes novidades, reflexando o traballo progresivo e continuo que vén desenvolvendo nas distintas empresas de COGAMI Empresarial e que deixa os datos que se amosan a continuación.

A Persoa Áncora traballa desde o seguimento de cada unha das persoas traballadoras ás que acompaña, activando a coordinación interna e externa con persoas responsables cando

a situación o require, ademais de derivando casos a outras áreas ou entidades de ser preciso e atendendo a unha avaliación intermedia, transcorridos 6 meses, para coñecer a evolución e situación actual de cada caso.

A implantación da AICP é un proceso iniciado no ano 2024 que está a mudar o xeito no que nos relacionamos en COGAMI Empresarial, ao mesmo tempo que está mudando o enfoque co que atendemos á realidade das persoas traballadoras, desde un criterio innovador, equitativo e construtivo que procura que as persoas, como xa viña acontecendo na política de COGAMI Empresarial, esteamos sempre no centro.



6.2 Emprego e diversidade


A inclusión laboral de persoas con discapacidade en todas as empresas que integran o noso Grupo Empresarial, nos diferentes sectores de actividade económica que operamos e nos diferentes postos de traballo que compoñen os cadros de mando de cada unha delas, é un dos principais obxectivos que perseguimos desde COGAMI Empresarial.

E cando falamos de inclusión laboral referímonos á inclusión desde criterios de diversidade, que garantan a representatividade equitativa de persoas con diferentes xéneros, idades, capacidades, orientacións sexuais, etc., e que esa inclusión se produza en todos os niveis de representación do Grupo Empresarial, con especial atención a evitar nesgos por xénero, idadeismo, homofobia ou transfobia, como reflicten medidas que se detallan ao longo deste Capítulo e que poñen ás persoas sempre por diante atendendo á diversidade que nos caracteriza.

Por iso, tal e como reflicten os datos de descrición sociodemográfica, o cadro de persoal de COGAMI Empresarial somos un cadro plural

no que todas as persoas teñen cabida, aínda que como Grupo Empresarial integrado por CEEIS, as persoas con discapacidade temos sempre unha

presenza e preponderancia moito maior, dado o Propósito que persegue o Grupo Empresarial e a natureza da Organización á que pertencemos.




6.3 Creación de postos de traballo e novas oportunidades


A creación de emprego é unha das principais prioridades que temos en COGAMI Empresarial, entendendo que a **inclusión laboral de persoas con discapacidade favorece a transformación social e a inclusión real, ao tempo que nos permite acompañalas nos seus itinerarios laborais e vitais mediante a metodoloxía AICP.**

Esa inclusión laboral atende a unha dobre vertente: por unha banda a creación de postos de traballo que permitan un maior número de contratacións para persoas con discapacidade e por outra a estabilización de postos de traballo que garanta o desenvolvemento profesional e estabilidade laboral para cada persoa traballadora.

Desde esa dobre vertente, COGAMI Empresarial somos o Grupo líder na creación de postos de traballo para persoas con discapacidade en Galicia, cunha tendencia de incremento progresivo no número de persoas traballadoras que integran o Grupo Empresarial nos últimos anos, si ben esa tendencia estabilízase no ano 2025, consolidando o emprego xerado.



NOVAS CONTRATACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE



NOVAS INCORPORACIÓNS SEGUNDO SEXO

Empresas de COGAMI Empresarial	Persoas traballadoras 2025		Persoas traballadoras 2024
Galega de Economía Social	26	↓ -3	29
Accede Social	79	↓ -3	82
Artegalia Economía Social	1	= 0	1
Combina Social	200	↑ +3	197
Coregal	229	↑ +1	228
Dixardín	67	= 0	67
Grafinco	13	↓ -1	14
Hornos de Lamastelle	115	↑ +6	109
Integratex	22	↓ -1	23
Trameve	11	↓ -1	12
TOTAL PERSOAS TRABALLADORAS	763	↑ 1	762

6.3.1 Unidades de negocio e postos de traballo

A diversidade de sectores nos que se encadran as distintas Unidades de Negocio de COGAMI Empresarial afecta á tipoloxía de postos de traballo e definición dos mesmos que podemos atopar no Grupo Empresarial: servizos de xestión e mantemento en Coregal e Dixardín, fabricación, distribución e venda de produtos en Grafenco, Hornos de Lamastelle, Integratex ou Trameve, ou servizos de transporte e auxiliares en Accede Social e Combina Social, ademais dos propios da matriz empresarial, Galega de Economía Social, con diversidade de servizos para COGAMI Empresarial.

Categoría profesional	Nº de persoas
Persoal directivo	12
Xerencias empresariais	10
Mandos intermedios	48
Persoal técnico	98
Persoal operario	595
TOTAL	763

Observando os datos da categorización de posto de traballo, resultantes de intentar homoxeneizar e reducir as posibles categorías segundo criterios de funcións e tarefas desempeñadas en cada posto, destaca a de “persoal operario”⁶, seguida de todas as persoas que se clasifican en categorías de traballo estratéxico e técnico e que ordenan a actividade empresarial e comercial para o bo funcionamento, xunto co resto de cadro de persoal, de cada unha das Unidades de Negocio.

6.3.2 Convenios colectivos e retribución salarial

Dada a diversidade descrita de actividades do noso Grupo Empresarial precisamos acollernos a diferentes Convenios Colectivos⁷ que atendan á realidade de cada unha das empresas, e mesmo ás diferentes actividades que se desenvolven nos postos de traballo de cada unha delas, sen esquecer a condición de CEEIS que as caracteriza a todas elas.

De aí que Combina Social, Dixardín, Grafenco e Trameve se acollan ao Convenio de Centros Especiais de Emprego, mentres que Accede Social, Coregal e Integratex, do mesmo xeito

que a matriz do Grupo Empresarial, Galega de Economía Social, o fagan aos convenios que lles corresponden pola súa actividade empresarial, e Hornos de Lamastelle conte cun convenio propio.

Unha excepcionalidade a esta cobertura é Combina Social, xa que é a única empresa do Grupo Empresarial que ao prestar servizos auxiliares require acollerse a diferentes convenios de actividade, ademais do propio Convenio de Centros Especiais de Emprego.

No relativo ás retribucións salariais das persoas traballadoras de COGAMI Empresarial cómpre destacar que veñen determinadas polos Convenios Colectivos xa mencionados, ademais de pola formación académica e a experiencia profesional de cada persoa traballadora, sumado á antigüidade no Grupo Empresarial, e en cada empresa.

Si a isto se suma o feito de que a categorización profesional que se realizou para presentar estes datos inclúe postos de moi diversa natureza en cada empresa, con responsabilidades e funcións tamén varias, é posible que se observen diferenzas que nada teñen que ver coa variable de análise referida ao sexo, sendo COGAMI Empresarial un Grupo que vela pola igualdade de xénero en todos os aspectos en xeral, e na política retributiva en particular.

⁶— Esta categoría engloba postos con denominacións moi variadas, desde persoal operario de planta (Coregal, Grafenco e Hornos de Lamastelle), persoal de xardinería (Dixardín), persoal condutor (Accede Social) a persoal auxiliar administrativo de calquera das empresas.

⁷— O Anexo 8.2 desta Memoria recolle os diferentes Convenios Colectivos aos que se acolle cada unha das empresas de COGAMI Empresarial.

6.3.3 Medidas de conciliación

Entendemos por conciliación laboral, familiar e persoal aquelas **medidas que desde COGAMI Empresarial promovemos de cara a favorecer que as persoas traballadoras poidan equilibrar o traballo remunerado, coa atención e coidado da contorna familiar e a vida e espazo privado.**

Para promover este equilibrio, hai en vigor políticas de traballo a distancia, desde o ano 2023, flexibilidade horaria, desde o ano 2024, ou permisos e licenzas segundo necesidades específicas das persoas traballadoras.

Todas estas medidas, así como as políticas de conciliación e benestar que se desenvolven

desde COGAMI Empresarial teñen un paraugas común na metodoloxía AICP que vela pola atención ás persoas de xeito integral e que promove que o seu desenvolvemento laboral se produza desde criterios que lle permitan atender a outras esferas da súa vida persoal e familiar, favorecendo un bo clima laboral e unha maior satisfacción das persoas co seu posto de traballo.

Ao traballo individualizado que marca a AICP súmase o labor que se desenvolve historicamente no Grupo Empresarial e que permite medir e coñecer as percepcións e necesidades das persoas traballadoras, de cara ao deseño e implementación de medidas que favorezan o benestar laboral de todas e cada unha delas.




Media salarial segundo categoría profesional e sexo (€)			
Categoría Profesional	Mulleres	Homes	TOTAL
Persoal directivo	34.088,93	47.934,26	41.011,59
Xerencias empresariais	45.397,06	47.584,83	46.930,60
Mandos intermedios	29.009,14	28.164,70	28.558,77
Persoal técnico	21.218,17	22.107,52	21.633,20
Persoal operario	17.754,12	18.365,51	18.103,48

Persoas con xornada reducida		
Mulleres	Homes	TOTAL
84	107	191


6.4 Impacto nos colectivos máis vulnerables

Desde COGAMI Empresarial consideramos que a **atención a situacións de vulnerabilidade en persoas con discapacidade ten que ser unha prioridade na nosa actuación**, de aí que amosemos especial interese e sensibilidade en crear emprego para persoas que poden verse afectadas, de cara a minimizar o impacto que esas situacións poden ter.


Un reflexo desa atención son os datos que amosan a porcentaxe de persoas traballadoras de COGAMI Empresarial con discapacidade que por razóns de sexo ou idade poden requirir maior atención por situacións de vulnerabilidade.




PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MAIORES DE 50 ANOS



MULLERES CON
DISCAPACIDADE



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MENORES DE 30 ANOS



6.5 Formación

A formación é un dos piares sobre os que se asenta a vida laboral das persoas, tanto a que se adquire no período académico como a que se vai adquirindo no desempeño do posto de traballo, por iso **desde COGAMI Empresarial facemos unha aposta decidida e planificada pola formación continua das persoas traballadoras.**

Deste xeito, non só potenciamos as capacidades e habilidades de cada persoa no desempeño das súas tarefas e funcións, senón que promovemos unha cultura organizativa que recoñeza o talento e artelle medidas e itinerarios personalizados que permitan a realización do traballo aproveitando os coñecementos, experiencia e valía de cada persoa.

Para iso, desde COGAMI Empresarial atendemos á formación transversal e á formación específica precisa en cada posto de traballo, facendo especial fincapé en formacións que melloren o benestar das persoas traballadoras, que atendan a cuestións de seguridade e saúde laboral e que favorezan o coñecemento interno da Organización e as metodoloxías e ferramentas que son precisas para o desenvolvemento óptimo das tarefas asignadas en cada caso.


O ano 2025 destacou pola formación transversal nas empresas de COGAMI Empresarial en Linguaxe inclusiva na contorna laboral,



Perspectiva de xénero e Sensibilización en materia de acoso no ámbito laboral, tamén en *Digital Tools* e IA e Condución segura, económica, eficiente e ecolóxica, AICP e Comunicación, Sostibilidade ambiental ou Contabilidade social, atendendo ás necesidades que afectan á xestión do Grupo Empresarial no seu conxunto.

A formación específica de cada empresa estivo orientada ás demandas segundo o seu sector de actividade e ás necesidades específicas das persoas que integran os distintos cadros de persoal, destacando a Capacitación no uso de maquinaria ou na carga de mercadorias, Motricidade laboral, Extinción de incendios e emerxencias ou Primeiros auxilios.

	2025		2024	
	Media de horas de formación recibida ⁸	Total de horas de formación recibida	Media de horas de formación recibida	Total de horas de formación recibida
Persoal directivo	24,17	290	32,19	676
Xerencias empresariais	41,10	411		
Mandos intermedios	10,83	520	9,60	442
Persoal técnico	13,52	1.325	19,73	1.105
Persoal operario	3,38	2.011	3,70	2.366

⁸ O cálculo da media de horas de formación recibida realízase segundo as fórmulas indicadas no GRI 404-1: nº total de horas proporcionadas (segundo sexo ou categoría laboral) / nº total de persoas empregadas (segundo sexo ou categoría laboral).





6.6 Igualdade de xénero

A igualdade de xénero para COGAMI Empresarial é un dos **principais dereitos sobre os que se asenta a xestión de persoas que realizamos desde o Grupo Empresarial**, ao que se suman os esforzos e medidas por garantir a eliminación de calquera tipo de discriminación por razón de sexo que se puidera producir.

As mulleres e homes que integramos COGAMI Empresarial gozamos de equidade tanto no acceso laboral aos postos de traballo, como no trato e retribución salarial que recibimos no desempeño das tarefas e funcións propias de cada un dos postos de traballo que ocupamos.


Proba da defensa deste dereito de igualdade de xénero é a aprobación de Plans de Igualdade vixentes nas empresas, contando COGAMI Empresarial con 5 Plans de Igualdade no ano 2025 nas empresas Accede Social, Combina Social, Coregal, Dixardín e Hornos de Lamastelle, cunha vixencia de 4 anos, e que serán renovados e revisados nos vindeiros anos, segundo corresponda pola súa data de inscrición no *Registro de Planes de Igualdad* (REGCON) do *Ministerio de Trabajo y Economía Social*, cumprindo o Real Decreto-Lei 6/2019.

O ano 2025 marcou un fito importante coa incorporación ao Convenio Colectivo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, aplicable ás empresas de COGAMI Empresarial, das medidas planificadas e do Protocolo de actuación fronte ao acoso e a violencia contra as persoas LGTBI. Este proceso, impulsado no marco de negociación colectiva e coa participación de CEGASAL, culminou coa inscrición no Rexistro correspondente e coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia nº 99, do 26 de maio de 2025, dando cumprimento ao disposto no Real Decreto 1026/2024.

A isto hai que engadir que desde COGAMI Empresarial procedeuse á actualización do *Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo*, incorporando medidas específicas de prevención e intervención ante situacións de acoso ou violencia por razón de sexo, xénero, orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero, características sexuais, acoso laboral ou *mobbing*, así como outras manifestacións de violencia no traballo.

Tamén hai que engadir unha extensa batería de medidas adoptadas desde COGAMI Empresarial para promover a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, que se estruturan en base a 9 áreas de actuación da igualdade e a perspectiva de xénero, destacando algunhas como poden ser Establecer medidas de acción positiva para a contratación de mulleres nas categorías que están máis masculinizadas en COGAMI Empresarial (Selección), Introducir

sistemas de promoción que prioricen ás persoas de sexo menos representado ante iguais capacidades e aptitudes (Promoción interna), Incluir nos plans de formación, de forma paulatina, oferta dirixida a todo o cadro de persoal en materia de igualdade de oportunidades (Formación), Formar a todo o cadro de persoal en materia de acoso sexual e por razón de sexo (Prevención do acoso) ou Empregar unha linguaxe non sexista e dar a coñecer e formar nas ferramentas que posúe a Organización e que poidan facilitar a comunicación neutral (Comunicación), entre moitas outras que favorecen e promoven a igualdade de xénero entre as persoas que integramos COGAMI Empresarial.



6.7 Seguridade e saúde

O último aspecto abordado en relación as persoas traballadoras de COGAMI Empresarial é **a seguridade e a saúde laboral, un obxectivo e compromiso que desenvolvemos baixo parámetros lexislativos, cun enfoque centrado na persoa e na adaptación as súas necesidades de cara a ao desempeño no seu posto de traballo.**

Desde a incorporación dunha persoa traballadora, coas especificidades que poida requirir de cara a adaptar o posto de traballo as súas capacidades, ao acompañamento diario na atención e na avaliación de riscos, a seguridade e a saúde xogan un papel fundamental rexendo a protección das persoas traballadoras, como principal activo de COGAMI Empresarial.

Deste xeito, a prevención de riscos laborais, así como a avaliación dos factores psicosociais, entendidas no marco da ISO 45001 que establece o Sistema de Xestión da Seguridade e a Saúde que regula a nosa actividade, son o marco regulatorio sobre o que se realizan as revisións periódicas da saúde das persoas traballadoras, ao tempo que se deseñan e implementan accións formativas que contribúan a adquirir hábitos máis saudables na contorna laboral.

Ainda co sistema de prevención, e o esforzo de atención e mellora continua da seguridade e saúde das persoas traballadoras de COGAMI Empresarial, segue a ser inevitable que se rexistren accidentes laborais, sendo a prioridade reducilos e, no caso de habelos, atendelos debidamente e analizar causas e consecuencias.

No ano 2025 non se rexistrou accidente grave algún nas empresas que integran COGAMI Empresarial, un dato positivo e moi destacable, e que reforza o traballo de prevención de riscos

laborais que se desenvolve, dadas as diferentes actividades que se realizan con maquinaria, en exteriores, etc., nalgunhas das empresas e que requiren un maior coidado e atención neste aspecto.

Entre os accidentes leves con baixa que se rexistraron no ano 2025, 69 casos, o 55,07 % foi por mor de golpes con obxectos inmóbiles ou móbiles, o 34,7 % por sobre esforzos, un 5,80 % por atrapamentos e un 4,35 % por cortes. Do total de accidentes leves con baixa, un 10,14 % tiveron lugar en *in itinere*.

	2025			2024		
	Índice incidencia ATCB ⁹ Mulleres	Índice incidencia ATCB Homes	Índice incidencia ATCB Total	Índice incidencia ATCB Mulleres	Índice incidencia ATCB Homes	Índice incidencia ATCB Total
Galega de Economía Social	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Accede Social	5.263,16	0,00	2.352,94	7.692,31	0,00	3.488,37
Artegalia Economía Social	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Combina Social	5.263,16	9.322,03	7.511,74	3.478,26	6.250,00	4.566,53
Coregal	15.151,52	10.294,12	10.970,46	32.258,06	13.197,97	15.789,47
Dixardín	0,00	20.339,98	17.391,30	27.272,73	24.137,93	24.637,68
Grafinco	0,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00	7.142,86
Hornos de Lamastelle	11.764,71	11.111,11	11.304,35	8.823,53	9.333,33	9.174,31
Integratex	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Trameve	0,00	0,00	0,00	0,00	9.090,90	8.333,30

⁹ O Índice de incidencia ATCB (Accidentes de Trabajo con Baja) obtense do cálculo do número de accidentes de traballo con baixa laboral, por cada 100.000 persoas traballadoras, entre o número de persoas traballadoras da empresa.

	2025		2024	
	Índice de gravidade ¹⁰	Índice de frecuencia ¹¹	Índice de gravidade	Índice de frecuencia
Galega de Economía Social	0,00	0,00	0,00	0,00
Accede Social	161,94	1.101,32	41,85	1.651,98
Artegalia Economía Social	0,00	0,00	0,00	0,00
Combina Social	795,05	8.791,21	347,80	4.945,05
Coregal	986,49	14.640,36	756,76	20.270,27
Dixardín	345,35	6.976,74	545,93	9.883,72
Grafinco	0,00	0,00	24,42	581,40
Hornos de Lamastelle	579,95	7.393,06	285,55	5.688,28
Integratex	0,00	0,00	45,81	0,00
Trameve	0,00	0,00	33,72	581,40

10_ O Índice de gravidade obtense do cálculo do número de días non traballados, por cada 1.000 horas de traballo, entre o número de persoas traballadoras da empresa.

11_ O Índice de frecuencia obtense do cálculo do número de accidentes laborais con baixa, por cada 1.000.000 de horas traballadas, entre o número de persoas traballadoras por empresa.



O valor que xeramos

7

7 O valor que xeramos

Falar do valor que xeramos en COGAMI Empresarial é falar da capacidade conxunta das nosas empresas para ter un impacto positivo e tanxible na sociedade e na contorna na que operamos, entendendo que o traballo que se desenvolve desde cada unha das empresas debe estar aliñado cos **criterios Ambientais, Sociais e de Gobernanza (ASG)** como referencia da sostiabilidade e comportamento ético que defendemos e procuramos coa nosa actividade empresarial.

En COGAMI Empresarial entendemos a responsabilidade desde a óptica do traballo constante, desde o respecto pola reputación e a aceptación social que a nosa Organización ten na sociedade galega e, polo tanto, desde o compromiso que adquirimos coas persoas, o planeta e a prosperidade.

Froito desa responsabilidade e compromiso, como Grupo Empresarial, pero tamén desde a posición que ocupamos cada unha das persoas que integramos COGAMI Empresarial, levamos a cabo a nosa actividade, en cada un dos sectores nos que estamos presentes coas empresas de Economía Social que integran o Grupo, procurando que a nosa pegada sexa positiva, construtiva e

transformadora, tanto no eido social, como no ambiental e no económico, desde unha visión holística que permita integrar todos os criterios que estimamos garanten a nosa sostiabilidade.

Desde COGAMI Empresarial, e como xa vimos detallando ao longo desta Memoria, priorizamos e poñemos no centro da nosa estratexia sempre ás persoas, atendendo ao Propósito que nos caracteriza e tamén como responsabilidade do modelo de negocio que practicamos ao ser un Grupo de Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social.

Detallada a información máis relevante en canto ao estándar Social, dos ASG, no Capítulo anterior de “As nosas persoas”, neste Capítulo da Memoria abordamos os resultados que acadamos no ano 2025 en relación aos **criterios Ambientais**, afondamos aínda máis neses **criterios Sociais** xa analizados, xunto coa información referida aos nosos Grupos de Interese, e caracterizamos o noso modelo de organización e o seu funcionamento segundo os **criterios de Gobernanza** que rexen o noso Grupo Empresarial.



7.1 O noso compromiso ambiental

A sostibilidade ambiental, no marco dos criterios ASG, fai referencia a como desde COGAMI Empresarial xestionamos o impacto no medio ambiente e nos recursos naturais que a nosa actividade empresarial xera, atendendo a cuestións diversas como a emisión de gases contaminantes, o tratamento de residuos, a eficiencia enerxética ou a biodiversidade, xa que todos eles son clave fundamental á hora de mitigar os riscos do cambio climático.

Neste senso cómpre destacar que en COGAMI Empresarial atendemos á **Política de Sostibilidade Ambiental** aprobada no ano 2024 por COGAMI, que se asenta sobre os seguintes principios:

1. Respeto e impulso ao Propósito, Misión, Visión e Valores de COGAMI.
2. Alíñanse coas principais tendencias en sostibilidade.
3. Promoción de procesos participativos.
4. Principio de proporcionalidade na actuación.

Ademais, presta atención a áreas de actuación transversais e específicas, e ao compromiso recollido no **Plan Estratéxico 2023-2026** da Organización, segundo o cal se determinan os principios reitores, os ámbitos de actuación nesta materia e as ferramentas de seguimento e mellora continua que permiten integrar a perspectiva ambiental en toda a actividade de COGAMI Empresarial.

A isto súmase a vixencia do Proxecto **“La AICP y Sostenibilidad Ambiental: palancas**

para el mantenimiento del empleo y fortalecimiento” financiado pola *Confederación Empresarial Española de la Economía Social* (CEPES), no que se enmarcan os **Plans de Acción de Sostibilidade** que están a desenvolver as empresas do Grupo e nos que se recolle a estratexia e operativa de cada unha delas.


A continuación expóñense as principais actuacións das distintas áreas que se levaron a cabo no ano 2025.

Áreas de actuación transversais

Gobernanza



Comunicación, sensibilización e formación



Áreas de actuación específicas

Energía e emisións



Operacións responsables



Uso eficiente da materias primas, xestión de residuos e economía circular



7.1.1 Actuacións transversais

COGAMI Empresarial desenvolve actuacións transversais en materia de sostibilidade ambiental enfocadas cara a consecución de avances que afecten a todas as áreas de actividade das empresas de COGAMI Empresarial.

A **Gobernanza** procura a lexitimidade da *Política de Sostibilidade Ambiental*, velando

polo seu cumprimento en todas as empresas, ao tempo que artella a designación de persoas responsables e funcións, mediante o Grupo de Traballo de Sostibilidade Ambiental, que traballa en favor do impulso, dinamización e consolidación de iniciativas ambientais para o conxunto da Organización, en xeral, incluído o Grupo Empresarial, mediante a coordinación participativa e interdepartamental.

No ano 2025 o Grupo de Traballo de Sostibilidade Ambiental avanzou na definición estratéxica dos Plans de Acción de Sostibilidade Ambiental de cada empresa, así como no seu

alcance, con especial fincapé nos obxectivos reais e asumibles por parte de cada unha delas e as liñas de acción e actuacións de mellora para ir avanzando na sostibilidade ambiental segundo o seu impacto na contorna e a súa actividade empresarial e comercial.

A **Comunicación, sensibilización e formación** van dirixidas a dar a coñecer a todas as persoas de COGAMI Empresarial a *Política de Sostibilidade Ambiental*, favorecendo a participación nas accións que se desenvolvan, froito da sensibilización e a formación, divulgando esas accións a terceiros.



No ano 2025 COGAMI Empresarial participou activamente na Campaña de recollida de plásticos promovida desde ECOGAMI, espazo de iniciativas de sostibilidade ambiental da Organización. O traballo de recollida tivo un enfoque de comunicación e concienciación coas distintas tipoloxías de plásticos, e coa identificación dos de tipo 5 PP que poden ser reciclados para outros usos, que permitiu que todo o persoal de COGAMI Empresarial puidese aportar, no seu centro de traballo, plásticos desta tipoloxía para contribuír á recollida colectiva, resultando unha Campaña moi participativa e con moi bos resultados. Froito deste esforzo colectivo, e en colaboración coa Asociación Íntegro de persoas con discapacidade, os plásticos recollidos foron reciclados para a creación de novos produtos que foron agasallados a todas as persoas que acudiron á Gala do 35 Aniversario de COGAMI mediante un detalle moi persoal e reflexo da conciencia ambiental da Organización.



Por outra banda, COGAMI Empresarial tamén colaborou coa organización do festival de cultura urbana *Compostela Street 2025*, asesorando en materia de sostibilidade ambiental e aportando ornamentación vexetal de especies autóctonas e colectores de separación de residuos nos distintos espazos de celebración dos campionatos das diferentes disciplinas e probas que se realizaron como o *street workout*, *breaking*, *skate* ou *basket 3x3*.

O *Compostela Street* está dirixido á mocidade e as súas familias, polo que resultou unha importante oportunidade para concienciar a poboación máis nova nas en boas prácticas sostibles, valorando os espazos verdes e de convivencia, así como sensibilizándose coa importancia de separar os residuos para o seu posterior tratamento e reciclaxe, nunha edición que ademais contou con moita afluencia e participación.



Por último, cómpre destacar o Proxecto dos Hortos Ecolóxicos do Rato en Lugo, que xestiona Dixardín, e que ano tras ano se veñen consolidando como un modelo de agricultura urbana e integración social, promovendo a formación mediante obradoiros, as relacións interxeracionais e a concienciación e sensibilización co coidado da natureza e a sostibilidade ambiental, con preto de 800 persoas participantes e case 900 horas de accións formativas.

Ademais, Dixardín participou outro ano máis na Feira *Biocultura 2025* celebrada en A Coruña na que se deu a coñecer a terceiros o traballo que se desenvolve con este proxecto, coa pretensión de divulgar a súa replicabilidade, ao tempo que se sensibiliza ás persoas visitantes con este tipo de actividades, facilitando tamén a súa participación en obradoiros *in situ* nos que ter a experiencia formativa en materias relacionadas co coidado da natureza.

7.1.2 Actuacións específicas

COGAMI Empresarial promove a execución de actuacións específicas en materia de sostibilidade ambiental atendendo á actividade de cada unha das empresas do Grupo á hora de marcar os obxectivos e medidas a desenvolver, matizando que por non ser un tema Material para COGAMI Empresarial, pola actividade das súas empresas, non se abordan accións en relación á biodiversidade.

A **Enerxía e as emisións** recolle as accións dirixidas a reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), procurando a transición enerxética e a contribución coas medidas que palían os efectos do cambio climático.

Consumos de combustible e enerxía por empresa

	Combustible	Litros (l)	Kilovatio-hora (kWh)
Galega de Economía Social	B7: gasóleo A E5: gasolina	4.194,10 1.147,50	23.850,78
Accede Social	B7: gasóleo A	89.884,90	5.947,37
Combina Social	B7: gasóleo A	3.193,10	9.377,50
Coregal	B7: gasóleo A E5: gasolina	523.288,00 36.981,00	905.767,60
Dixardín	B7: gasóleo A E5: gasolina	47.078,00 20.608,00	5.410,00
Grafinco	B7: gasóleo A	1.816,40	50.053,00
Hornos de Lamastelle	B7: gasóleo A	21.192,00	1.857.536,00
Integratex	B7: gasóleo A	1.137,80	81.257,00
Trameve	B7: gasóleo A E5: gasolina	180,00 350,00	25.328,00
TOTAL		761.050,81	2.964.527,25

Aforro derivado do autoconsumo de enerxía de placas fotovoltaicas por ecoplanta de Coregal

	2025		2024	
	Aforro enerxético medio anual	Aforro económico	Aforro enerxético medio anual	Aforro económico
Ecoplanta de Santiago de Compostela	22,00 %	21,48 % 7.346,09 € Estimación de aforro: 7.346,09 € / (factura anual: 26.846,34 € + estimación aforro) = 34.192,43 €	23,00 %	24,22 % 7.736,60 € anuais
Ecoplanta de Boiro	32,00 %	29,67 % 4.622,95 € Estimación de aforro: 4.622,95 € / (factura anual: 10.954,60 € + estimación aforro) = 15.577,55 €	25,00 %	24,35 % 4.324,50 € anuais

Datos de emisións por empresa¹²

	Galega de Economía Social	Accede Social	Combina Social	Coregal	Dixardín	Grafinco	Hornos de Lamastelle	Integratex	Trameve	TOTAL
Alcance 1 (tCO ₂ e)	13,13	225,23	8,04	1.436,28	168,32	4,57	53,31	2,86	6,27	1.918,01
Alcance 2 (tCO ₂ e)	4,80	1,53	2,39	211,73	1,40	12,91	477,86	20,96	6,53	740,11
Emisións totais (tCO ₂ e)	17,93	226,76	10,43	1.648,01	169,72	17,48	531,17	23,82	12,80	2.658,12
Ratio (tCO ₂ e/nº persoas traballadoras)	0,69	2,58	0,06	6,87	2,54	1,34	4,54	0,99	0,98	-

¹² O cálculo dos datos do ano 2025 realizouse en base á calculadora e aos factores de conversión dispoñibles para o ano 2025 por parte do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*.

**Comparativa anual
de emisións por empresa**

	Galega de Economía Social		Accede Social		Combina Social		Coregal		Dixardín		Grafinco		Hornos de Lamastelle		Integratex		Trameve		TOTAL	
	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024
Alcance 1 (tCO ₂ e)	13,13	12,13	225,23	240,39	8,04	6,19	1.436,28	1.417,45	168,32	168,07	4,57	8,99	53,31	58,07	2,86	3,54	6,27	8,87	1.918,01	1.923,70
Alcance 2 (tCO ₂ e)	4,80	6,37	1,53	1,92	2,39	2,22	211,73	233,52	1,40	1,48	12,91	8,44	477,86	494,46	20,96	25,24	6,53	8,43	740,11	782,08
Emisións totais (tCO ₂ e)	17,93	18,50	226,76	242,31	10,43	8,41	1.648,01	1.650,97	169,72	169,55	17,48	17,43	531,17	552,53	23,82	28,78	12,80	17,30	2.658,12	2.705,78
Variación emisións totais 2024-2025	-3,08 %	-	-6,42 %	-	23,97 %	-	-0,18 %	-	0,10 %	-	0,29 %	-	-3,87 %	-	-17,23 %	-	-26,01 %	-	-1,76 %	-
Ratio (tCO ₂ e/ persoas traballadoras)	0,69	0,64	2,58	2,92	0,06	0,06	6,87	7,06	2,54	2,46	1,44	1,34	4,54	5,42	0,99	1,20	1,22	1,33	-	-
Variación emisións ratio persoas traballadoras 2024-2025	8,10 %	-	-11,74 %	-	10,13 %	-	-2,67 %	-	3,17 %	-	7,51 %	-	-7,24 %	-	-17,24 %	-	-8,19 %	-	-	-

Tipoloxía de vehículos segundo empresa

Tipo de vehículo	Accede Social		Coregal		Dixardín	
	n	%	n	%	n	%
EURO 1	0	0,00	2	2,22	0	0,00
EURO 2	0	0,00	6	6,67	0	0,00
EURO 3	0	0,00	13	14,44	1	3,13
EURO 4	9	23,08	15	16,67	15	46,88
EURO 5	4	10,26	19	21,11	6	18,75
EURO 6	26	66,67	30	33,33	10	31,25
GNC	0	0,00	4	4,44	0	0,00
Eléctrico	0	0,00	1	1,11	1	0,00
TOTAL	39	100,00	90	100,00	32	100,00

En canto ao **Uso eficiente de materias primas, xestión de residuos e economía circular** é unha área de actuación encamiñada a reducir os consumos de materias primas (auga, papel, plástico, etc.) ao tempo que xestionar de xeito responsable os residuos e valorizalos e reaproveitalos desde a lóxica da Economía Circular. No caso de COGAMI Empresarial, ao non estimarse que o consumo de auga sexa un tema Material para o Grupo (segundo a Análise de Materialidade) non se procede á medición dos consumos nin a súa evolución.

Residuos xestionados por ecoplanta de Coregal

Ecoplanta	2025		2024	
	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%
Boiro	9.717,30	27,88	9.426,38	27,19
Carballo	2.384,89	6,84	2.497,39	7,20
Santiago de Compostela	12.120,18	34,77	11.987,64	34,58
Mos	10.635,25	30,51	10.759,07	31,03
TOTAL	34.857,62	100,00	34.670,48	100,00

Tipoloxía de residuos xestionados en Coregal

Tipo de residuo	2025		2024	
	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%
Papel e cartón	21.244,40	60,95	21.620,68	62,36
Plástico	6.654,40	19,09	6.080,95	17,54
Madeira	1.774,71	5,09	1.865,00	5,38
Voluminoso	1.712,24	4,91	1.519,43	4,59
Metal	214,98	0,62	212,23	0,61
Téxtil	142,19	0,41	113,01	0,33
Aparato Eléctrico Grande e RAEE	66,93	0,19	103,78	0,30
Vidro	67,26	0,19	49,83	0,14
Outro	2.980,50	8,55	3.033,56	8,75
TOTAL	34.857,62	100,00	34.670,48	100,00

Tipoloxía de residuos xestionados en Coregal

Tipo de residuo	2025	2024
Papel e cartón	60,95 %	62,36 %
Plástico	19,09 %	17,54 %
Madeira e voluminoso	10,00 %	9,97 %

Tipoloxía de residuos xestionados en Trameve

2025 Tipo de residuo	Xerados		Enviados a xestor		Reaproveitados	
	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%
Non perigoso	47.200,00	97,7	407,56	98,42	62,65	93,00
Perigoso	11,09	2,30	6,55	1,58	4,74	7,00
TOTAL	483,09	100,00	414,11	100,00	67,39	100,00

2024 Tipo de residuo	Xerados		Enviados a xestor		Reaproveitados	
	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%
Non perigoso	467,00	97,41	403,74	98,12	63,71	91,8
Perigoso	12,43	2,59	7,73	1,88	5,67	8,20
TOTAL	479,43	100,00	411,47	100,00	69,38	100,00


Tipoloxía de residuos xestionados en Hornos de Lamastelle

Tipo de residuo	2025		2024	
	Toneladas (t)	%	Toneladas (t)	%
Biodegradable	260,66	89,61	191,04	88,75
Papel e cartón	30,16	10,37	23,99	11,15
Envase contaminado (e outros residuos perigosos)	0,08	0,03	0,22	0,10
TOTAL	290,9	100,00	215,26	100,00

Con respecto a outras accións dentro desta actuación específica cómpre salientar que **Hornos de Lamastelle** desenvolveu un proxecto en colaboración co Grupo de Biotecnoloxía Ambiental da Universidade de A Coruña (UDC) de cara á creación dunha planta de compostaxe que permita tratar e aproveitar os residuos orgánicos xerados polo seu proceso de produción de masas (200 toneladas anuais, aproximadamente), unha acción enmarcada dentro da Economía Circular.

Este proxecto arroxo resultados positivos ao verificar que ese residuo orgánico, mesturado con folla seca ou estela de madeira, crea un *compost* de moi boa calidade que pode ser empregado como emenda orgánica.

Si ben no ano 2025 Hornos de Lamastelle non avanzou nesta creación dunha planta de compostaxe, por mor da situación de cambio de emprazamento da súa situación xeográfica actual que condiciona calquera tipo de desenvolvemento de infraestrutura na fábrica, a empresa mantén o seu compromiso e interese en avanzar no futuro con esta cuestión relativa ao desperdicio alimentario e a Economía Circular.




Outras empresas que contribúen á Economía Circular coa súa actividade empresarial son **Coregal** e **Trameve**, xa que ámbalas dúas valorizan residuos mediante procesos internos de traballo nas súas instalacións, transformando materiais e alongando así a súa vida útil.




Coregal xestionou
34.857,62 t
de **residuos**



Coregal valorizou o
84,12 %
dos **residuos** xestionados



Trameve xestionou
382
Vehículos Fóra de Uso



Trameve vendeu
11.931
pezas de vehículos

As **Operacións responsables** refírense ás certificacións de calidade e á trazabilidade entendidas como procesos e solucións que contribúen a mellorar a eficiencia e reducir o impacto ambiental das operacións que desenvolve internamente cada empresa de COGAMI Empresarial de cara á prestación de servizos ou comercialización de produtos.

Neste senso cómpre destacar que as empresas **Coregal**, **Dixardín** e **Trameve** dispoñen, e renovan periodicamente, a ISO 14001 de Sistemas de Xestión Ambiental que axuda ás empresas a traballar desde unha

perspectiva máis sostible ao reducir o seu impacto medioambiental, cumprindo coa normativa vixente nesta materia e mellorando a súa eficiencia. Esta certificación baséase no enfoque Planificar - Facer - Verificar - Actuar (PFVA) e atende ás diferentes actividades que desenvolven as empresas nos seus sectores de actividade, xestión de residuos, xardinería e tratamento ambiental de vehículos respectivamente.



Por último hai que subliñar a innovación de procesos acometida por **Trameve** no ano 2025 a prol da eficiencia no proceso de descontaminación de Vehículos Fóra de Uso e reaproveitamento das pezas e compoñentes. Para iso, desde o enfoque de mellora continua dos fluxos de traballo, Trameve adquiriu novo equipamento que favoreceu a recolocación do elevador central, ao mesmo tempo que optimizaba os procesos de descontaminación, incrementando o control da seguridade e saúde das persoas traballadoras e aumentando o confort nas tarefas e a eficacia nos resultados, o cal afecta directamente á calidade do traballo e á redución do impacto ambiental.

7.2 A nosa acción social

A sostibilidade social, no marco dos criterios ASG, refírese á xestión que desde COGAMI Empresarial facemos das relacións coas persoas traballadoras, así como coas empresas provedoras, clientela, etc., en resumo cos nosos Grupos de Interese, atendendo a diferentes aspectos que abranguen as condicións laborais, a diversidade, a seguridade e saúde ou o impacto social e ético que temos na contorna na que operamos.

As persoas traballadoras somos, como xa se ten apuntado ao longo desta Memoria, a razón de ser e a peza fundamental do traballo que se desenvolve desde cada unha das empresas de COGAMI Empresarial, polo que a información referida aos principais aspectos que nos afectan xa foi exposta de xeito minucioso no Capítulo anterior, con detalle das principais cuestións que definen e garanten a sostibilidade social que perseguimos desde o Grupo Empresarial.

A esta relevancia súmase tamén o interese de COGAMI Empresarial por establecer sinerxías, alianzas e relacións que permitan avanzar no Propósito do Grupo Empresarial, ampliando a rede coa que traballa e colaborando co Sector Público e o ámbito privado en favor de

obxectivos comúns e resultados aliñados coa nosa Misión, Visión e Valores.

Deste xeito, ao longo do ano destaca o número de persoas que realizaron prácticas laborais en COGAMI Empresarial, así como os convenios de colaboración que foron establecidos con diferentes entidades, como se detalla a continuación.



Persoas en prácticas

35

- Academia Postal - Bartumeu López SLU
- ADAMS Formación
- Agadea Alzheimer
- APETAMCOR
- Asociación Agarimo
- CFE A Guísamo
- CIFP Compostela - Educatic GAP PUE SL
- CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
- COGAMI
- EFA Fonteboa
- Forox Innovación Formativa



Horas totais de prácticas

4.085 h



Convenios de colaboración

21

- GAM Training Apoyo y Formación
- GDOCE
- IES Plurilingüe Ames
- IES Arzúa
- IES San Clemente
- Lidera Knowledge SL
- Rianxo Formación
- Unión General de Trabajadores (UGT)
- USC - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- USC - Facultade de Relacións Laborais



Desde COGAMI Empresarial ademais promovemos relacións con outras entidades e asociacións representativas desde o punto de vista empresarial, atendendo ás actividades económicas que desenvolven as nosas empresas nos diferentes sectores nos que operan e defendendo o principio do asociacionismo como motor que permite avanzar desde criterios de sostibilidade, promovendo alianzas, proxectos colaborativos e espazos compartidos de crecemento socioeconómico.

A este respecto cómpre destacar as numerosas e diversas asociacións nas que se integran as empresas de COGAMI Empresarial, e que nos permiten establecer sinerxías e tecer redes con outras empresas do sector, sumando esforzos que permitan consolidar a forza colectiva e a presenza diferenciada. Entre as asociacións das que COGAMI Empresarial, como Grupo, e as súas empresas de xeito diferenciado, forman parte destacan:

COGAMI Empresarial

- Cámara de Comercio de Santiago de Compostela (mediante Galega de Economía Social).
- Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL).
- Asociación Empresarial de Centros Especiales de Empleo (AECEMCO) de COCEMFE.

Accede Social

- Asociación Empresarial de Transporte de Mercancías por Carretera de Galicia (APETAMCOR).
- Asociación Galega de Transportes de Viaxeiros (ASGATRAVI).

Coregal

- Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (VIRATEC).
- Asociación Española de Recicladores Recuperadores de Papel y Cartón (REPACAR).
- Asociación Profesional de Empresas Medioambientales (APROEMA).
- Instituto Tecnológico del Plástico (AIMPLAS).
- Asociacións empresariais segundo a localización das ecoplantas.

Dixardín

- Asociación Galega de Empresas de Xardinería (AGAEXAR).

Grafinco

- Clúster da Comunicación de Galicia.

Hornos de Lamastelle

- Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA).

Trameve

- Asociación Galega de Tratamento de Vehículos (TRAVEGA).
- Asociación Española de Desguace y Reciclaje del Automóvil (AEDRA).
- Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.



7.2.1 Os Grupos de Interese

Os Grupos de Interese, ou *stakeholders*, de COGAMI Empresarial son aquelas persoas ou entidades que poden afectar ou ser afectadas polos obxectivos, políticas ou actividades que desenvolvemos desde o Grupo Empresarial, tanto interna como externamente, e ás que debemos atender de cara a garantir que a influencia mutua se desenvolva atendendo ao noso Propósito, Misión, Visión e Valores.

Deste xeito, prestar atención á estratexia de sustentabilidade, en todas as súas vertentes, que artellamos desde COGAMI Empresarial resulta fundamental de cara a valorar a influencia que a nosa toma de decisións, reputación e operativa diaria ten nos nosos Grupos de Interese, ao tempo que velamos porque isto se produza nunha igualdade de condicións e reciprocidade que salvagarde as relacións e recursos claves dos que dispoñemos.

Desde esa máxima, COGAMI Empresarial temos identificado cales son os nosos Grupos de Interese co obxectivo de tecer redes e promover sinerxías, que se traduzan en iniciativas, proxectos ou colaboracións que axuden a construír unha sociedade máis xusta e igualitaria, baixo criterios de accesibilidade e sustentabilidade e

nos que as persoas con discapacidade esteamos no centro da toma de decisións, con autonomía e recoñecemento pleno.

Tal e como se pode observar no cadro a seguir, o ecosistema de Grupos de Interese de COGAMI Empresarial é diverso, tanto na parte interna do Grupo Empresarial e da Organización na que nos integramos como na parte externa na que nos relacionamos con centros de coñecemento, empresas provedoras ou entidades da Economía Social á que pertencemos, o que nos permite manter unha interlocución eficaz, fluída e de proveito.

Para lograr esa interlocución, habilitamos diferentes canles de comunicación que favorezan unha escoita activa que promova o enfoque colaborativo nas accións a desenvolver e unha actitude propositiva á hora de afrontar conxuntamente os Impactos, Riscos e Oportunidades que se nos presentan na nosa actividade empresarial, tanto desde un enfoque cuantitativo como cualitativo. Para iso empregamos metodoloxías e ferramentas que favorezan o intercambio de opinións e a recompilación de preferencias e necesidades acordadas coas nosas políticas estratéxicas e as nosas medidas operativas.



Perfil	Definición	Canle de comunicación
Persoas traballadoras	Todas as persoas que forman parte de COGAMI Empresarial, tanto dentro da estrutura das nosas Empresas como realizando actividades para terceiros.	• Boletín de novas • Portal da/o empregada/o • Canle de denuncia • Espazos de consultas e demandas (enquisas, entrevistas, grupos de discusión, etc).
COGAMI Social	COGAMI Empresarial está ligada de forma directa co movemento asociativo de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), entidade social que ten como obxectivos: a plena inclusión das persoas con discapacidade e a defensa e promoción dos seus dereitos, sendo a creación de emprego a panca esencial para o cambio social.	• Consello de Administración • Reunións periódicas • Servizo de Intermediación Laboral (SIL)
Administracións Públicas	Entidades públicas de diferentes niveis coas que temos relación á hora de incidir sobre a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.	• Reunións periódicas • Consultas técnicas
Familias	A realidade dalgunhas persoas que traballan na Organización fai que o contacto coas súas familias sexa algo imprescindible, máis alá da relación laboral, para garantir unha mellora da súa calidade de vida real e efectiva.	• Reunións periódicas
Clientela	Calquera persoa ou entidade, pública ou privada, que adquira un produto ou servizo dalgunha das nosas Empresas.	• Reunións periódicas • Enquisas de valoración • Canle de denuncia • Memoria anual • Redes Sociais
Alianzas e colaboracións	Entidades ou organizacións coas que xorden alianzas coa finalidade de crear valor compartido para as diferentes partes.	• Reunións periódicas • Memoria anual
Ecosistema da Economía Social	Agrupacións e asociacións ligadas á Economía Social coas que compartimos obxectivos e un fin común como a Asociación Empresarial de Centros Especiais sen Ánimo de Lucro (CEGASAL) e o Foro pola Economía Social Galega (FOROESGAL).	• Reunións periódicas • Memoria anual • Participación en foros e eventos
Centros de coñecemento	Principalmente universidades e centros tecnolóxicos ou de investigación cos que se realizan accións de transferencia de coñecemento.	• Memoria anual • Participación en foros e eventos • Convenios de prácticas
Empresas proveedoras	Empresas ás que os diferentes CEEIS (Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social) compran ou contratan produtos e servizos.	• Reunións periódicas • Canle de denuncia • Memoria anual

7.2.2 Resumo da actividade social

82

MARZO

- **Coregal** participou na xornada universitaria sobre Economía Social organizada pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC e na que colaboraron outras entidades, dando a coñecer ao estudiantado o papel dos CEEIS.



XUÑO

- **COGAMI Empresarial** foi unha das entidades que traballaron na elaboración do *Plan de Acción da Economía Social* promovido polo Concello de Santiago de Compostela e que define os eixos estratéxicos e futuras accións.



- **Dixardín** recuperou unha zona de céspede deteriorado cun deseño baseado en materiais reciclados de parques infantís que conmemoran o Día do Orgullo no Concello de Carballo e dan visibilidade permanente á realidade LGTBIQ+.



XULLO

- **COGAMI Empresarial** participou activamente no encontro organizado polo *Ministerio de Trabajo y Economía Social*, compartindo necesidades e potencialidades dos CEEIS coa ministra Yolanda Díaz e a secretaria de Estado de Economía Social, Amparo Merino, no *Espacio X Talento Digital* da Fundación ONCE.



SETEMBRO

- **COGAMI Empresarial** tivo un papel activo no Congreso Internacional de Atención á Diversidade e Inclusión celebrado en Santiago de Compostela abordando cuestións sobre as oportunidades laborais que crean os CEEIS.



- **Integratex** compartiu a súa experiencia na reunión da Rede de Empleo "Emprega-Nós" celebrada en Ourense, detallando aquelas medidas que se desenvolven desde as tendas que contribúen a creación de valor social.



OUTUBRO

- **COGAMI Empresarial** participou na *Cumbre de Empleo y Economía Social* organizada por COCEMFE e celebrado en Segovia, que tiña por obxecto crear un espazo de diálogo sobre inclusión laboral e cohesión social.



- **Trameve** foi unha das empresas da Economía Social participantes, e que recibiu visitas, no Programa "Faino en Santiago" codeseñado polo Consello Económico e Social de Santiago de Compostela.



NOVEMBRO

- **COGAMI Empresarial** sumouse á Campaña "Mueve un dedo" promovida por COCEMFE de cara a divulgar a *Estrategia Española de Discapacidad 2022-2023* e que procura a garantía plena dos dereitos das persoas con discapacidade física e orgánica.



DECEMBRO

- **Combina Social** visitou o CEGADI para coñecer os servizos que ofertan nas súas instalacións así como o traballo de Atención Integral Centrada na Persoa que presta o seu equipo multidisciplinar, de cara a coñecer boas prácticas na atención e o apoio a persoas con discapacidade.



7.3 O noso modelo de Gobernanza

A Gobernanza, no marco da Economía Social á que pertencemos as empresas que integramos COGAMI Empresarial, é entendida como o **modelo democrático de participación e toma de decisións nos que a dimensión e o impacto social priman sobre o capital**, representando ademais un modelo económico que procura a equidade distributiva e solidaria e que pon ás persoas no centro da acción e da actividade empresarial.

COGAMI Empresarial integrámonos dentro de COGAMI, Organización que, segundo os seus Estatutos de constitución, caracterízase por non ter ánimo de lucro, ser independente, libre, aconfesional, apartidista, non gubernamental e de carácter voluntario, definición que a Organización ratificou na súa Asemblea Extraordinaria celebrada no ano 2022. A isto súmase a declaración de utilidade pública que adquiriu COGAMI no ano 2025.

Dada a súa natureza, COGAMI, e polo tanto COGAMI Empresarial, atendemos á seguinte normativa no desempeño da nosa actividade social e empresarial:

- Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lexislación e normativa que afecte á xestión e desenvolvemento das actividades propias da Organización.

O modelo de Gobernanza de COGAMI estrutúrase a través do seu principal órgano de goberno, a Xunta Directiva, reforzada polo labor que desempeñan as persoas que integran a Comisión Permanente, xunto coa Coordinación de Áreas, a Coordinación de áreas de actividades e a Coordinación de Oficinas.

Nese mesmo senso, o modelo de Gobernanza de **COGAMI Empresarial conta coa súa propia estrutura de xestión estratéxica e organización operativa**, en base a cal a empresa matriz do Grupo Empresarial, Galega de Economía Social, coordina a actividade que desenvolven as empresas, ou Unidades de Negocio, que integran COGAMI Empresarial, e da que a continuación se detalla a súa estrutura e funcionamento, logrando que a actividade diferenciada do Grupo Empresarial persiga os seus obxectivos, procure a consecución dos seus resultados e contribúa notablemente ao Propósito compartido coa Organización desde a súa natureza diferenciada e diferenciadora.



7.3.1 Órganos de goberno


COGAMI Empresarial conta co **Consello de Administración como máximo órgano de representación e administración** de cara a organizar a actividade que desenvolve o Grupo Empresarial no seu conxunto e cada unha das empresas que o integran de xeito particular, contando cun director xeral para artellar o traballo que se desenvolven desde este órgano e cara outras partes da estrutura de gobernanza.

Este é o caso das **Direccións corporativas**, que son as responsables da xestión integral de COGAMI Empresarial no seu conxunto, desde as diferentes áreas de traballo e prestación de servizos comúns para o Grupo Empresarial, sendo as **Xerencias** de cada Empresa quen lideran a actividade que desenvolve cada unha destas Unidades de Negocio.

Nesta composición cómpre destacar a existencia, como xa se ten mencionado ao longo desta Memoria, dunha empresa matriz do Grupo Empresarial, Galega de Economía Social, que é a que aglutina e coordina, desde as diferentes áreas de traballo que a integran como Direccións corporativas, a actividade empresarial e comercial de COGAMI Empresarial.

Esta estrutura de goberno e xestión permite manter unha estrutura de eficiencia e eficacia na actividade ordinaria do Grupo Empresarial, ao tempo que tende pontes e relacións entre COGAMI Empresarial e COGAMI, como Organización na que se integra, mantendo a interrelación precisa para garantir o Propósito común e a independencia necesaria para perseguir os obxectivos e resultados diferenciados que ten o Grupo Empresarial.

Consello de Administración do Grupo de COGAMI Empresarial



7.3.2 Organigrama

Presidencia

Presidente

ANXO QUEIRUGA

Consello de Administración

Vogal

PAULO FONTÁN

Vicepresidente
e secretario

ÁLVARO GARCÍA

Vogal

JOSÉ LUIS LOLO

Vogal

RAMÓN SESTAYO

Persoal directivo

Director xeral

VÍCTOR SILVA

Director Xurídico

JUAN ACEVEDO

Directora de
Comunicación e
Relacións institucionais

MARÍA ACUÑA

Directora de
Asesoría laboral

NAIARA GOICOECHEA

Directora de Negocio

ROSA GUTIÉRREZ

Director de Sistemas
e Novas tecnoloxías

DAVID PESQUEIRA

Director
Económico-financeiro

JUAN SUÁREZ

Directora de RR.HH.

ANA TRABA

Xerencias empresariais

Accede Social

MARCOS
LEMA

Artegalia
Economía Social

HERMINIO
MARTÍNEZ

Combina Social

RAQUEL
ALVITE

Coregal

BEATRIZ
GONZÁLEZ

Dixardín

CARLOS
IGLESIAS

Grafinco

ALEJANDRO
ROUCO

Hornos
de Lamastelle

MANUEL
SANTOS

Integratex

YAIZA
SOMORROSTRO

Trameve

LUIS
PENIDO

7.3.3 Ética e bo goberno

Desde COGAMI Empresarial entendemos que a actividade que desenvolvemos desde cada unha das empresas, así como o comportamento das persoas que integran a noso cadro de persoal, debe rexerse por un conxunto de principios, atendendo ao noso Propósito compartido coa Organización COGAMI, garantindo a xestión transparente, íntegra, eficiente e en consonancia cos nosos Valores.

Todo iso é o que denominamos Ética e Bo goberno e atende á Misión, Visión e Valores que todas as persoas que traballamos en COGAMI Empresarial compartimos, respectamos e actuamos para que se cumpran na nosa contorna laboral, sendo no ano 2018, coa aprobación do **Programa de Cumprimento Normativo** (*Corporate Compliance*), cando rexistramos un dos fitos do noso Grupo Empresarial, establecendo un marco de cumprimento das esixencias de responsabilidade das persoas xurídicas que conta co apoio da Xunta Directiva de COGAMI, sendo publicitado como corresponde e estando a disposición pública accesible¹³.

Esta ferramenta afecta a toda a Organización e recolle o compromiso e os procedementos de dilixencia debida respecto a cuestións de interese como son:

- Respecto aos dereitos humanos e fundamentais das persoas traballadoras da Organización, con especial fincapé no que se refire á inclusión laboral de persoas con discapacidade.
- Atención e oposición a calquera discriminación que se poida detectar por razón de discapacidade, sexo, idade, raza, etnia, nacionalidade, orientación sexual, relixión, lingua ou posición ideolóxica.
- Compromiso de cumprir as normas e protocolos de seguridade e saúde no ámbito de traballo.
- Rexeitamento firme do branqueo de capitais e a utilización de paraísos fiscais.
- Integridade que debe manterse nas relacións económicas e comerciais, así como na relación con outros organismos e entidades de carácter público.

Ademais, de cara a favorecer e facilitar a regulación desde COGAMI Empresarial atendemos ao **Código Ético e de Conduta** que recompila as **Boas Prácticas Corporativas** que deben marcar a actividade do Grupo Empresarial en base á dilixencia debida, isto é o proceso mediante o cal podemos identificar, previr e mitigar os riscos antes de realizar operacións, garantindo así o cumprimento normativo, e denunciando calquera caso que se puidera producir de incumprimento do mesmo.

Deste xeito, e atendendo aos criterios de Ética e Bo goberno que rexen a actividade de COGAMI Empresarial, existe un **conxunto de normas, protocolos e procedementos de actuación** que contribúen a bo funcionamento e ao cumprimento das obrigas, ademais dun programa de **formación continua que permite que todo o persoal, así como as persoas colaboradoras, poidan coñecer os criterios de cumprimento obrigado**.

¹³–O Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI está dispoñible para consulta na páxina web www.cogami.gal no apartado: Coñécenos > Modelo de Xestión > Programa de Cumprimento Normativo. CANAL RESPONSABLE.

A este marco de desenvolvemento interno para garantir a Ética e Bo goberno no Grupo Empresarial, súmanse:

- **Comité de Cumprimento Normativo e Canles responsables de denuncias** (desde o 2024 hai unha Canle diferenciada de COGAMI Empresarial, á que se accede desde as webs das empresas que integran o Grupo Empresarial).
- **Sistema de Xestión Informatizada do Cumprimento (SXIC)** para determinar de xeito inequívoco e individualizado as responsabilidades de cada actuación, grazas ao seguimento de procesos de decisión e á captura de evidencias de execución.
- **Manual de Prevención e Resposta ante o delito**, que se complementarán coa elaboración dunha Análise de Riscos Penais das distintas áreas de actividade de COGAMI, valorando a súa potencial gravidade e as consecuencias xurídicas (mapa de riscos), para definir medidas e protocolos de prevención e resposta ante delitos e infraccións administrativas de gravidade.

- **Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo** para recoñecer e protexer o dereito á igualdade, á dignidade das persoas, ao libre desenvolvemento da personalidade e á non discriminación no ámbito laboral, velando por previr condutas que poidan ser consideradas como acoso laboral, sexual ou por razón de sexo no traballo. No caso de rexistrarse denuncias como as descritas, COGAMI Empresarial debe establecer procedementos de actuación que permitan aclarar a presenza dun presunto acoso, dando cumprimento ao deber de detectar e avaliar os posibles riscos no ámbito laboral, e adoptar as medidas preventivas ou reparadoras oportunas.



4

Número de incidencias¹⁴ rexistradas durante o ano 2025

¹⁴-Só unha das denuncias foi valorada como acoso, considerando que as demais eran situacións de conflito entre persoas traballadoras. A situación de acoso derivou nun despedido disciplinario, tomándose en todos e cada un dos casos medidas relacionadas coa formación para a mellora do clima laboral do centro de traballo no que foron detectadas.



Anexos 8

8.1 Aspectos materiais

Categoría	Aspecto material		Principal impacto
Aspectos Ambientais	Sostibilidade ambiental e cambio climático	Cambio climático	Accede Social, Coregal e Dixardín
		Xestión de residuos e desperdicio alimentario	Coregal e Hornos de Lamastelle
		Reciclaxe, reutilización de materiais, compostaxe e economía circular	Coregal, Dixardín, Grafinco, Hornos de Lamastelle e Trameve
Aspectos Sociais	Persoal propio	Benestar laboral	Transversal
		Saúde e seguridade no traballo	Transversal
	Cadea de valor	Promoción de empresas proveedoras locais e criterios sociais	Transversal
	Colectivos afectados	Valor social xerado na comunidade	Transversal
	Persoas consumidoras e usuarias finais	Produtos e servizos	Transversal
Aspectos de Gobernanza	Conduta empresarial e Gobernanza	Código ético e cumprimento normativo	Transversal
		Comunicación e transparencia	Transversal
		Fortalecemento da cultura organizativa e mellora continua	Transversal



Crítico



Relevante



Complementario

8.2 Convenios colectivos

COGAMI Empresarial	Convenios colectivos de aplicación
Galega de Economía Social	- Convenio colectivo de oficinas e despachos de A Coruña.
Accede Social	- Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada de Pontevedra. - Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada de Lugo. - Convenio colectivo de transporte de viaxeiros por estrada de A Coruña.
Combina Social	- Convenio colectivo de Centros Especiais de Emprego de Galicia. - Convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia. - Convenio colectivo de oficinas e despachos de A Coruña
Coregal	- Convenio colectivo de recuperación e reciclado de residuos.
Dixardín	- Convenio colectivo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.
Grafinco	- Convenio colectivo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.
Hornos de Lamastelle	- I Convenio colectivo da empresa "Hornos de Lamastelle, SA".
Integratex	- Convenio colectivo do comercio de pel de Ourense. - Convenio colectivo do comercio téxtil de Ourense. - Convenio colectivo do comercio vario de A Coruña.
Trameve	- Convenio colectivo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.

8.3 Datos adicionais

Persoas traballadoras segundo
 sexo e tipo de contrato laboral (n)

	2025			2024		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
Contrato indefinido	198	427	625	202	391	593
Contrato temporal	54	84	138	63	106	169
TOTAL	252	511	763	265	497	762

Persoas traballadoras con
 discapacidade segundo sexo e idade (n)

	2025			2024		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
< 30 anos	4	14	18	5	13	18
30 - 50 anos	103	220	323	99	196	295
> 50 anos	97	212	309	114	228	342
TOTAL	204	446	650	218	437	655

Persoas traballadoras segundo
 sexo e tipo de xornada laboral (n)

	2025			2024		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
Xornada completa	145	427	572	151	424	575
Xornada parcial	107	84	191	114	73	187
TOTAL	252	511	763	265	497	762

Persoas traballadoras con discapacidade segundo sexo, idade e empresa (n)

		<30 anos	30-50 anos	>50 anos	TOTAL
Galega de Economía Social	Mulleres	0	9	2	11
	Homes	0	4	4	8
	TOTAL	0	13	6	19
Accede Social	Mulleres	0	5	18	23
	Homes	0	9	30	39
	TOTAL	0	14	48	62
Artegalicia Economía Social	Mulleres	0	0	0	0
	Homes	0	1	0	1
	TOTAL	0	1	0	1
Combina Social	Mulleres	2	43	44	89
	Homes	3	51	37	91
	TOTAL	5	94	81	180
Coregal	Mulleres	1	11	11	23
	Homes	7	84	87	178
	TOTAL	8	95	98	201
Dixardín	Mulleres	0	4	1	5
	Homes	1	27	18	46
	TOTAL	1	31	19	51
Grafinco	Mulleres	0	2	1	3
	Homes	0	5	3	8
	TOTAL	0	7	4	11
Hornos de Lamastelle	Mulleres	1	15	16	32
	Homes	1	34	27	62
	TOTAL	2	49	43	94
Integratex	Mulleres	0	14	3	17
	Homes	2	2	0	4
	TOTAL	2	16	3	21
Trameve	Mulleres	0	0	1	1
	Homes	0	3	6	9
	TOTAL	0	3	7	10

**Despedimentos segundo sexo,
idade e categoría profesional (n)**

2025	Persoal directivo	Xerencias empresariais	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario	TOTAL
< 30 anos	0	0	0	0	0	0
30 - 50 anos	0	0	0	2	4	6
> 50 anos	0	0	0	2	6	8
Total mulleres	0	0	0	4	10	14
< 30 anos	0	0	0	0	0	0
30 - 50 anos	0	0	0	1	7	8
> 50 anos	0	1	0	0	6	7
Total homes	0	1	0	1	13	15
TOTAL	0	1	0	5	23	29

2024	Persoal directivo	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario	TOTAL
< 30 anos	0	0	0	0	0
30 - 50 anos	0	1	0	5	6
> 50 anos	0	0	0	3	3
Total mulleres	0	1	0	8	9
< 30 anos	0	0	0	2	2
30 - 50 anos	0	0	0	4	4
> 50 anos	0	0	0	7	7
Total homes	0	0	0	13	13
TOTAL	0	1	0	21	22

Persoas traballadoras segundo sexo, idade e categoría profesional (n)

	Persoal directivo	Xerencias empresariais	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario	TOTAL
2025						
< 30 anos	0	0	0	2	6	8
30 - 50 anos	6	3	13	33	76	131
> 50 anos	0	0	4	17	92	113
Total mulleres	6	3	17	52	174	252
< 30 anos	0	0	0	1	17	18
30 - 50 anos	1	5	17	31	198	251
> 50 anos	5	2	14	14	206	242
Total homes	6	7	31	46	421	511
TOTAL	12	10	48	98	595	763

	Persoal directivo	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario	TOTAL
2024					
< 30 anos	0	0	0	8	8
30 - 50 anos	9	11	22	104	146
> 50 anos	0	1	11	99	111
Total mulleres	9	12	33	211	265
< 30 anos	0	0	2	16	18
30 - 50 anos	4	21	14	219	258
> 50 anos	8	13	7	193	221
Total homes	12	34	23	428	497
TOTAL	21	46	56	639	762

Persoas traballadoras segundo categoría profesional e empresa (n)

	2025						2024					
	Persoal directivo	Xerencias empresariais	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario	TOTAL	Persoal directivo	Xerencias empresariais	Mandos intermedios	Persoal técnico	Persoal operario	TOTAL
Galega de Economía Social	8	1	5	12	0	26	9	0	2	10	8	29
Accede Social	0	1	2	2	74	79	0	1	2	3	76	82
Artegalia Combina Social	0	1	0	0	0	1	0	1	0	0	0	1
Combina Social	0	1	5	21	173	200	0	1	19	14	193	227
Coregal	2	1	12	18	196	229	1	1	2	11	183	198
Dixardín	0	1	7	16	43	67	0	1	3	5	58	67
Grafinco	0	1	2	9	1	13	0	1	6	0	16	23
Hornos de Lamastelle	2	1	9	18	85	115	2	1	2	2	9	16
Integratex	0	1	5	0	16	22	0	1	9	9	88	107
Trameve	0	1	1	2	7	11	0	1	1	2	8	12
TOTAL	12	10	48	98	595	763	12	9	46	56	639	762

Promedio salarial segundo sexo e idade (€)¹⁵

	2025			2024		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
<30 anos	17.809,89	18.659,67	18.234,78	7.834,93	8.702,57	8.435,60
30-50 anos	21.418,16	22.894,95	22.156,56	16.403,87	16.988,59	16.778,21
>50 anos	19.535,11	23.576,62	21.555,87	13.728,05	18.067,39	16.616,59
TOTAL	19.587,72	21.710,41	20.649,07	15.019,15	17.168,20	16.422,67

Retribucións (€) e cociente de compensación total anual por empresa¹⁶

	2025			2024		
	Persoa mellor pagada	Mediana resto cadro de persoal	Cociente	Persoa mellor pagada	Mediana resto cadro de persoal	Cociente
Galega de Economía Social	73.271,78	29.985,67	2,44	60.539,08	25.526,07	2,37
Accede Social	40.016,09	18.149,69	2,20	37.660,18	13.306,89	2,83
Artegalia Combina Social	-	-	-	33.694,04	33.694,04	1,00
Combina Social	46.303,06	17.056,00	2,71	40.820,12	8.945,19	4,56
Coregal	51.862,22	18.787,39	2,76	47.943,23	17.362,72	2,76
Dixardín	52.190,56	16.576,00	3,18	53.167,61	15.786,10	3,37
Grafinco	40.039,06	18.819,92	2,13	38.159,80	18.698,58	2,04
Hornos de Lamastelle	60.199,04	17.296,00	3,48	64.536,61	17.029,10	3,79
Integratex	38.025,89	21.542,00	1,77	25.882,02	9.998,58	2,59
Trameve	47.405,52	19.217,24	2,47	47.716,34	20.328,63	2,35

¹⁵_ O cálculo do promedio salarial no ano 2025 realizouse tendo en conta o salario bruto anual normalizado que lle corresponde a cada persoa pola súa categoría profesional (nas anteriores Memorias era o salario bruto real percibido).

¹⁶_O cálculo para o cociente de compesación total anual realizase en base á seguinte fórmula: compensación total anual da persoa mellor pagada de COGAMI Empresarial (€) / mediana da compensación total anual de todas as persoas traballadoras de COGAMI Empresarial (€), sen incluír á persoa mellor pagada. No ano 2025 tívose en conta o salario bruto anual normalizado, mentres que no ano 2024 foi o salario bruto real percibido.

**Taxa de rotación por empresa (%)
e media do Grupo Empresarial¹⁷**

	2025	2024
	Taxa de rotación	
Galega de Economía Social	-11,11	3,70
Accede Social	18,18	88,33
Artegalia Economía Social	0,00	0,00
Combina Social	12,83	-
Coregal	0,00	7,24
Dixardín	0,00	11,76
Grafinco	-7,69	7,69
Hornos de Lamastelle	9,35	7,84
Integratex	6,25	0,00
Trameve	8,33	7,69
TOTAL	0,74	12,56

¹⁷– Relación entre as admisións e as desvinculacións de persoal en relación ao número medio de persoas traballando na empresa.

**Novas contratacións
segundo sexo e idade (n)**

	2025			2024		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
< 30 anos	13	24	37	9	23	32
30 - 50 anos	45	92	137	51	107	158
> 50 anos	36	56	92	36	75	111
TOTAL	94	172	266	96	205	301

Datos de absentismo
laboral por empresa (n)

	2025		2024	
	Días de absentismo laboral	Horas de absentismo laboral	Días de absentismo laboral	Horas de absentismo laboral
Galega de Economía Social	671	5.066,05	609	4.598
Accede Social	2.992	23.936,00	4.253	34.024
Artegalia Economía Social	0	0,00	0	0
Combina Social	10.796	83.129,20	9.350	30.870
Coregal	13.345	106.760,00	12.218	97.744
Dixardín	2.815	21.675,50	3.093	24.744
Grafinco	67	515,90	184	1.472
Hornos de Lamastelle	5.147	41.176,00	5.907	47.256
Integratex	1.361	10.888,00	1.883	15.064
Trameve	21	163,38	56	448
TOTAL	37.215	293.310,03	37.553	256.220

Accidentes¹⁸ con baixa
segundo sexo e empresa (n)

	2025			2024		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
Galega de Economía Social	0	0	0	0	0	0
Accede Social	2	0	2	3	0	3
Artegalia Economía Social	0	0	0	0	0	0
Combina Social	5	11	16	4	5	9
Coregal	5	21	26	10	26	36
Dixardín	0	12	12	3	14	17
Grafinco	0	0	0	0	1	1
Hornos de Lamastelle	4	9	13	3	7	10
Integratex	0	0	0	0	0	0
Trameve	0	0	0	0	1	1
TOTAL	16	53	69	23	54	77

¹⁸ No ano 2025 non se rexistraron accidentes graves, mentres que no ano 2024 só se produciu un accidente grave en Coregal.

8.4 Requisitos

Lei 11/2018 EINF

Contidos da Lei 11/2018 EINF		Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Información sobre o modelo de negocio				
Organización e Estrutura	COGAMI Empresarial é un Grupo Empresarial (nome comercial) que pertence a Organización sen ánimo de lucro COGAMI, cuxas empresas son Centros Especiais de Emprego (CEEIS) e que ten no Consello de Administración o seu máximo órgano de Goberno, contando cada empresa cunha xerencia empresarial.	GRI 2-1 GRI 2-9 GRI 2-14	Todas as empresas do Grupo Empresarial teñen forma xurídica de Sociedades Limitadas, agás Hornos de Lamastelle que é unha Sociedade Anónima.	Capítulo 3, Capítulo 5 e Capítulo 7.3
Descrición do modelo de negocio	COGAMI Empresarial conta con 10 Unidades de Negocio (empresas) que presentan Contas Consolidadas sendo Galega de Economía Social (unha delas) a matriz do Grupo Empresarial. Todas elas teñen a súas sedes e centros de traballo en Galicia.	GRI 2-2 GRI 2-3	A sociedade matriz é Galega de Economía Social SL e está na República Checa 17, Parque Empresarial de Costa Vella 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).	Capítulo 4 e Capítulo 5
Mercados	As empresas de COGAMI Empresarial ofertan servizos e comercializan produtos en diferentes sectores de actividade.	GRI 2-6	Os sectores nos que opera COGAMI Empresarial son: consultaría, transporte adaptado, servizos auxiliares, xestión de residuos, espazos verdes e xardinería, artes gráficas, alimentación, <i>retail</i> téxtil e automoción.	Capítulo 5
Obxectivos e estratexias	COGAMI Empresarial persegue o mesmo Propósito e conta coa mesma Misión, Visión e Valores que COGAMI.		COGAMI Empresarial procura a creación de oportunidades laborais para persoas con discapacidade.	Capítulo 3 e Capítulo 5
Materialidade	COGAMI Empresarial realiza a Análise de Materialidade con carácter bianual, sendo a que se presenta no ano 2025 a que se realizou no ano 2024.	GRI 3	Identifícanse cales son os Impactos, Riscos e Oportunidades (IROS) que lle afectan a COGAMI Empresarial.	Capítulo 8.1 (Anexos)
Factores e tendencias que poden afectar á evolución	COGAMI Empresarial identifica 5 factores e tendencias que afectan ao desenvolvemento da súa actividade.		COGAMI Empresarial entende os factores como retos e as tendencias como oportunidades.	Capítulo 4.3
Verificación externa	A presente Memoria foi auditada por unha empresa externa.	GRI 2-5	A empresa que audita a Memoria é BDO Spain.	Capítulo 4

Contidos da Lei 11/2018 EINF		Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Información sobre cuestións ambientais				
Políticas	O <i>Plan Estratégico 2023-2026 de COGAMI</i> é o documento referente no desenvolvemento dos eixos estratéxicos en materia de sostibilidade ambiental. COGAMI Empresarial ten aprobada desde o ano 2024, e en vigor, a súa <i>Estratexia de Sostibilidade Ambiental</i> e a <i>Política de Sostibilidade Ambiental</i> derivada dela.	GRI 2-22 GRI 2-23 GRI 2-25	As empresas de COGAMI Empresarial comezaron a deseñar e aprobar os seus <i>Plans de Acción de Sostibilidade Ambiental</i> .	Capítulo 3. e Capítulo 7.1
Principais riscos	A análise dos principais riscos das actividades realízase na Memoria anual de contas de COGAMI Empresarial. A reciclaxe, reutilización de materiais, compostaxe e economía circular é un Aspecto Ambiental relevante para Coregal, Dixardín, Grafinco, Hornos de Lamastelle e Trameve, mentres que o cambio climático é complementario para Accede Social, Coregal e Dixardín e a xestión de residuos e desperdicio alimentario tamén é complementario para Coregal e Hornos de Lamastelle.	Análise de Materialidade	Dada a natureza das súas actividades, Coregal e Trameve dispoñen dun seguro de responsabilidade medioambiental conforme ao establecido na Lei 26/2007, de Responsabilidade Medioambiental.	Capítulo 3, Capítulo 7.1 e Capítulo 8.1 (Anexos)
Xeral	As empresas de COGAMI Empresarial cuxa actividade é máis sensible están certificadas en materia ambiental. COGAMI Empresarial conta con áreas de Calidade e persoal formado e cualificado para atender ao ámbito preventivo.	ISO 14001 Calidade - Área de Negocio de COGAMI Empresarial.	Coregal, Dixardín e Trameve contan con certificación ISO 14001 e Grafinco coas certificacións FSC e PEFC.	Capítulos 5.2.4, 5.2.5, 5.2.6 e Capítulo 7.1
Contaminación	As empresas de COGAMI seguen diferentes estratexias en relación á redución das súas emisións.	GRI 305-1 GRI 305-2		Capítulo 7.1 e Capítulo 8.1 (Anexos)
Economía circular, prevención e xestión de residuos	As empresas de COGAMI teñen artellado diferentes proxectos de cara a promover avances nestas materias.	GRI 306-2 GRI 306-4	Hornos de Lamastelle ten previsto crear unha planta de compostaxe de residuo orgánico.	Capítulo 7.1 e Capítulo 8.1 (Anexos)

Contidos da Lei 11/2018 EINF		Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Uso sostible dos recursos	O consumo de auga non é relevante na actividade nin nos procesos de COGAMI Empresarial.	Non aplica	Non se está a realizar seguimento deste consumo ao non considerarse un tema material na operativa das empresas.	Capítulo 7.1
	COGAMI Empresarial ten en conta o consumo de materias primas e a eficiencia do seu uso, sobre todo no caso das empresas que fabrican e comercializan produtos.	ISO 14001 ISO 22000	Realízase un seguimento dos criterios que establecen as certificacións correspondentes.	Capítulo 7.1 e Capítulo 8.1 (Anexos)
	COGAMI Empresarial desenvolve accións encamiñadas a promover a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables	GRI 305-1 GRI 305-2	Coregal conta con placas fotovoltaicas en 2 das súas ecoplantas: Santiago de Compostela e Boiro.	Capítulo 7.2.1
Cambio climático	Emisións de gases de efecto invernadoiro.	GRI 305-1 GRI 305-2	En 2024 realizouse o cálculo de pegada de carbono para todas as empresas do Grupo Empresarial.	Capítulo 7.2.1
	As medidas adoptadas para adaptarse ás consecuencias do cambio climático.			
	Metas de redución establecidas voluntariamente a medio e longo prazo para minorar as emisións de GEI e medios implantados para tal fin.			
Protección da biodiversidade	Medidas adoptadas para preservar ou restaurar a biodiversidade.	Non aplica	Non se están a desenvolver medidas específicas neste eido ao non considerarse un tema material na operativa das empresas.	Capítulo 7.2
	Impactos causados polas actividades ou operacións en áreas protexidas.			
Información sobre cuestións sociais e relativas ao persoal				
Políticas	A AICP é a metodoloxía que marca o desenvolvemento das actuais e futuras políticas de persoal de COGAMI Empresarial, ao tempo que é o paraugas que acolle todas as xa desenvoltas: <i>Política de Calidade e Innovación</i> , Políticas de Benestar Laboral, <i>Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo</i> .	GRI 205-2	Aprobada e vixente a actualización e mellora do Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo. Vixentes 5 Plans de Igualdade en empresas de COGAMI Empresarial.	Capítulo 3 e Capítulo 6

	Contidos da Lei 11/2018 EINF	Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Principais riscos	O persoal propio (benestar laboral e seguridade e saúde no traballo) dentro dos Aspectos Sociais, é un aspecto transversal e crítico para COGAMI Empresarial.	Análise de Materialidade		Capítulo 3, Capítulo 6 e Capítulo 8.1 (Anexos)
	Número total e distribución de persoas traballadoras por sexo, idade, país e clasificación profesional.	GRI 2-7		Capítulo 5.1, Capítulo 6.2 e Capítulo 8.3 (Anexos)
	Número total e distribución de modalidades de contrato de traballo.	GRI 2-7		Capítulo 6.2 e Capítulo 8.3 (Anexos)
	Media anual de contratos indefinidos, temporais e a tempo parcial por sexo, idade e clasificación profesional.		Os datos, extraídos a 31 de decembro de 2025, non presentan media anual por non ser calculable dado o programa de Xestión Laboral do que dispón COGAMI Empresarial.	Capítulo 6.2 e Capítulo 8.3 (Anexos)
Emprego	Número de despedidos por sexo, idade e clasificación profesional.			Capítulo 8.3 (Anexos)
	Remuneracións medias e a súa evolución segmentada por sexo, idade e clasificación profesional ou igual valor.			Capítulo 6.3.1 e Capítulo 8.3 (Anexos)
	Fenda salarial.	GRI 405-2	Analizada a fenda salarial de xénero e rexistro retributivo por posto de igual valor, e en cumprimento do art.6 do Real Decreto 902/2020, non existen diferenzas salariais sen xustificar superiores ao 25 %.	Capítulo 6.3.2
	Remuneracións de postos de traballo iguais ou a media do Grupo Empresarial.	GRI 2-21		Capítulo 8.3 (Anexos)
	A remuneración media das persoas con cargo de conselleiras e directivas, incluíndo a retribución variable, dietas, indemnizacións, o pago aos sistemas de previsión de aforro a longo prazo e calquera outra percepción segmentada por sexo.			Capítulo 6.3.1

Contidos da Lei 11/2018 EINF		Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Emprego	Implantación de medidas de desconexión laboral.		Existencia dunha <i>Política de traballo a distancia</i> e aínda avanzando en materia de desconexión dixital, sen medidas aprobadas.	Capítulo 3 e Capítulo 6.3.3
	Persoas traballadoras con discapacidade.			Capítulo 3, Capítulo 6.2 e Capítulo 8.3 (Anexos)
Organización do traballo	Organización do tempo de traballo.		Existencia dunha <i>Política de flexibilidade horaria</i> .	Capítulo 3. e Capítulo 6.3.3
	Número de horas de absentismo.			Capítulo 8.3 (Anexos)
	Medidas destinadas a facilitar a conciliación e fomentar o exercicio corresponsable por parte das persoas proxenitoras.			Capítulo 3. e Capítulo 6.3.3
Saúde e seguridade	Condições de saúde e seguridade no traballo.			Capítulo 3. e Capítulo 6.7
	Accidentes de traballo (frecuencia e gravidade) segundo sexo.	GRI 403	No ano 2025 non se rexistraron accidentes graves en COGAMI Empresarial.	Capítulo 6.7
	Enfermidades profesionais (frecuencia e gravidade) segundo sexo.			Capítulo 6.7
Relacións sociais	Organización do diálogo social, incluídos os procedementos para informar e consultar ao persoal e para negociar.	GRI 2-29		Capítulo 7.2.1
	Porcentaxe de persoas traballadoras cubertas por Convenio colectivo por país.			
	Balance dos Convenios colectivos, particularmente no campo da saúde e seguridade no traballo.	GRI 2-30		Capítulo 8.3 (Anexos)
Formación	Políticas implantadas no campo da formación. Cantidade total de horas de formación por categorías profesionais.	GRI 404		Capítulo 6.5

Contidos da Lei 11/2018 EINF		Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Accesibilidade	Accesibilidade universal das persoas con discapacidade.		Analízase cada posto de traballo e facilitanse as adaptacións e medidas de apoio necesarias para cada persoa traballadora.	
	Medidas adoptadas para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.			Capítulo 6.6
	Plans de igualdade.			Capítulo 3 e Capítulo 6.6
Igualdade	Medidas adoptadas para promover o emprego.		A propia Misión de COGAMI Empresarial é a de promover a creación de postos de traballo para persoas con discapacidade.	Capítulo 3
	Protocolo contra o acoso sexual e por razón de sexo.		Rexistráronse 4 incidencias no ano 2025 (só 1 considerada acoso).	Capítulo 3, Capítulo 6.6 e Capítulo 7.3.3
	A integración e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.			Capítulo 3
	Política contra todo tipo de discriminación e, no seu caso, da xestión da diversidade.		Actualizáronse as medidas e <i>Protocolo de Prevención e Actuación do acoso no traballo</i> , incluído sexual e por razón de sexo, e a violencia contra persoas LGTBI.	Capítulo 3 e Capítulo 6.6
Información sobre o respecto aos dereitos humanos				
Políticas	COGAMI Empresarial adhírese á Declaración de Dereitos Humanos, á Carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con discapacidade.	GRI 412	COGAMI Empresarial comparte os Valores de COGAMI, como Organización á que pertence e na que se integra.	Capítulo 3
Principais riscos	Non é un tema material para COGAMI Empresarial.	Análise de Materialidade		Capítulo 3, Capítulo 6, Capítulo 7.3.3 e Capítulo 8.1 (Anexos)

	Contidos da Lei 11/2018 EINF	Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Dereitos humanos	Existencia da Canle Responsable de COGAMI Empresarial para todas as empresas do Grupo.			Capítulo 3 e Capítulo 7.3.3
	Prevención dos riscos de vulneración dos dereitos humanos e, no seu caso, medidas para mitigar, xestionar e reparar posibles abusos cometidos.			Capítulo 3, Capítulo 6 e Capítulo 7.3.3
	Denuncias por casos de vulneracións de dereitos humanos.		Non se rexistraron denuncias nesta materia.	Capítulo 7.3.3
	Promoción e cumprimento das disposicións dos convenios fundamentais da OIT relacionadas co respecto pola liberdade de asociación e o dereito á negociación colectiva, a eliminación da discriminación no emprego e a ocupación, a eliminación do traballo forzoso ou obrigatorio e a abolición efectiva do traballo infantil.			Capítulo 3, Capítulo 6 e Capítulo 7.3.3
Información relativa á loita contra a corrupción e o suborno				
Políticas	O <i>Código Ético e de Conducta</i> é o marco referencial de COGAMI Empresarial, ao que se suma o <i>Manual de xestión de crises</i> .	GRI 205		Capítulo 3 e Capítulo 7.3.3
Principais riscos	O Cumprimento normativo, a comunicación e a transparencia e o fortalecemento da cultura organizativa e mellora continua, dentro dos Aspectos de Gobernanza, son aspectos transversais e relevantes para COGAMI Empresarial.	Análise de Materialidade		Capítulo 3, Capítulo 7.3.3 e Capítulo 8.1 (Anexos)
Corrupción e suborno	Medidas adoptadas para previr a corrupción e o suborno.	GRI 205		Capítulo 3 e Capítulo 7.3.3
	Medidas para loitar contra o branqueo de capitais.	GRI 205		Capítulo 3 e Capítulo 7.3.3
	Aportacións a fundacións e entidades sen ánimo de lucro.		Non se realizan aportacións.	
Información sobre a sociedade				
Políticas	A Atención aos Grupos de Interese xunto coas Alianzas establecidas determinan o marco das relacións que mantén COGAMI Empresarial coa sociedade, sempre aliñadas co seu Propósito, Misión, Visión e Valores.	GRI 205		Capítulo 3 e Capítulo 7.2

	Contidos da Lei 11/2018 EINF	Estándar utilizado	Observacións	Capítulo
Principais riscos	A cadea de Valor, os colectivos afectados e as persoas consumidoras e usuarias finais, dentro dos Aspectos Sociais, son aspectos transversais e complementarios para COGAMI Empresarial.	Análise de Materialidade		Capítulo 7.2 e Capítulo 8.1 (Anexos)
Compromisos do Grupo Empresarial co desenvolvemento sostible	Impacto da actividade de COGAMI Empresarial no emprego e o desenvolvemento local.	GRI 413	No ano 2025 COGAMI Empresarial participou na elaboración do <i>Plan de Acción de Economía Social 2026-2028</i> do Concello de Santiago de Compostela.	Capítulo 5.2.1 e Capítulo 7.2.2
	Impacto da actividade de COGAMI Empresarial na poboación local e o territorio.			Capítulo 7.2
	Relacións mantidas con axentes das comunidades locais e as modalidades de diálogo.			Capítulo 7.2 e Capítulo 7.2.1
	Accións de asociación ou patrocinio.	GRI 2-28		Capítulo 7.2
Subcontratación e provedores	Inclusión na política de compras de cuestións sociais, de igualdade de xénero e ambientais.	GRI 414-1 GRI 414-2	Non se realizaron auditorías internas a provedores. As relacións comerciais de todas as empresas están supeditadas ao cumprimento dos principios que rexen o <i>Código Ético e de Conduta</i> , así como os acordos comerciais establecidos entre as partes.	
	Consideración nas relacións con provedores e subcontratistas da súa responsabilidade social e ambiental.			
	Sistemas de supervisión e auditorías e resultados das mesmas.			
Persoas consumidoras	Medidas para a saúde e seguridade das persoas consumidoras.	GRI 416-1	Hornos de Lamastelle está certificado na ISO 22000 (Sistema de Xestión de Seguridade Alimentaria).	Capítulo 5.2.7
	Sistemas de reclamación, queixas recibidas e resolución das mesmas.	GRI 2-25	Non se recibiron denuncias por parte de persoas consumidoras.	
Información fiscal	Beneficios obtidos por país.	GRI 201-1 GRI 201-4	Só se opera en territorio estatal.	Capítulo 5.1
	Impostos sobre beneficios pagados.			Capítulo 5.1
	Subvencións públicas recibidas.			Capítulo 5.1

COGAMI

EMPRESARIAL

Rúa República Checa, nº 17
Parque Empresarial Costa Vella
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

Teléfono: 981 519 026